



Concello de Boiro

Ordenanza Fiscal nº 12 .-ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLO SERVICIO DE CEMITERIOS

Artigo 1º.-Fundamento e natureza

En uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se regula o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), este Concello establece a taxa polo servizo de cemiterios municipais, que se rexirá pola presente ordenanza fiscal, que nas súas normas atende ó previsto no artigo 57 do TRLRFL.

Artigo 2º.- Feito imponible

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación dos servizos de cemiterios municipais, tales como: asignación de espazos para enterramentos; permisos de construción de panteóns ou sepulturas; e ocupación dos mesmos; redución, incineración; movementos e colocación de lápidas, enrellados e adornos; conservación dos espazos destinados a descanso dos difuntos; e outros servizos que, de conformidade co previsto no Regulamento da Policía Mortuoria, sexan procedentes ou se autoricen a instancia de parte.

Artigo 3º.- Suxeito pasivo

1.-Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Lei Xeral Tributaria, solicitantes da concesión da autorización municipal ou da prestación do servizo e, no seu caso, os titulares das autorizacións concedidas.

Artigo 4º.- Responsables

Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren os artigos 38 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º.-Exencións subxectivas

Estarán exentos os servizos que se presten con ocasión de:

- a)Os enterramentos dos asilados procedentes da beneficencia, sempre que a condución se verifique por conta dos establecementos mencionados e sen ningunha pompa fúnebre que sea costeada polos familiares dos falecidos.
- b)Os enterramentos de cadáveres de pobres de solemnidade.
- c)As inhumacións que ordee a autoridade xudicial e se verifiquen na fosa común.
- d)As exhumacións que ordee a autoridade xudicial.

Artigo 6º.-COTA TRIBUTARIA.-

A cota tributaria desta taxa determinarase por aplicación da seguinte tarifa:

<u>Epígrafe 1º.-Asignación de nichos e columbarios, satisfarán anualmente:</u>	
---	--

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Concello de Boiro

A) Nichos, por cada urna:	9,62
B) Columbarios, por cada un:	3,46
<u>Epígrafe 2º.-Asignación de terreos para mausoleos e panteóns:</u>	
A)Mausoleos, por metro cadrado de terreo:	34,55
B)Panteóns, por metro cadrado de terreo:	20,74
Notas comúns ós epígrafes 1º e 2º:	
1ª.-Toda clase de sepulturas ou nichos que, por calquera causa, queden vacantes, revirten a favor do Concello.	
2ª.-O dereito que se adquire mediante o pago da cota correspondente a sepulturas ou nichos non é o de propiedade física do terreo, senon da conservación dos restos inhumados en ditos espazos.	
<u>Epígrafe 3º.-Licencias de obras:</u>	
A) Permisos para construír panteóns:	34,55
B) Permisos para reparacións, adecentamentos, colocación de lápidas, enxeados e adornos:	10,37
Nota: os movementos de lápidas ou tapas nas distintas sepulturas efectuarase por persoa municipal.	
<u>Epígrafe 4º.-Enterramentos e exhumacións:</u>	
Enterramentos ou exhumacións, por cada corpo:	37,87

Artigo 7º.-Devengo

Devengase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a prestación dos servizos suxeitos a gravamen, entendéndose, a estes efectos, que dita iniciación prodúcese ca solicitude de aqueles.

Artigo 8º.-Declaración, liquidación e ingreso

- 1.- Os suxeitos pasivos solicitarán a prestación dos servizos no rexistro xeral do Concello.
- 2.- No intre de presenta-la solicitude, efectuarase liquidación provisional, polo importe correspondente a esta taxa, que se ingresará de inmediato na Tesourería municipal.
- 3.- Resolta a solicitude de licencia, practicarase liquidación definitiva, na que se deducirá o importe ingresado na liquidación provisional, que será notificada ó interesado dacordo co

Concello de Boiro



Concello de Boiro

previsto no artigo 101.1 e 101.2 da Lei Xeral Tributaria (Lei 58/2003, de 17 decembro).

4.- Resolta a solicitude, a renuncia do interesado non dará dereito á devolución das taxas devengadas. Se a renuncia se producira con anterioridade á resolución, devolverase ó interesado o 80 por 100 do importe da liquidación provisional ingresada.

5.- Os dereitos anuais liquidaranse por medio de padrón fiscal, mediante notificación colectiva no BOP, unha vez norificada a preceptiva liquidación de alta.

Artigo 9º.-Infraccións e sancións

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e disposicións concordantes.

Disposición final.- A presente ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno da corporación en sesión do trinta de decembro de mil novecentos noventa e cinco (30/12/95), entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata súa modificación ou derogación expresas. Publicada no Boletín Oficial da Provincia do dez de xaneiro de mil novecentos noventa e seis (10/01/96).

Dilixencia.- A presente ordenanza foi modificada por:

1.- Pleno da Corporación en sesión do vintedous de outubro de mil novecentos noventa e oito (22/10/98) e publicada no Boletín Oficial da Provincia do vintedous de decembro de mil novecentos noventa e oito (22/12/98).

2.- Pleno da Corporación en sesión celebrada o 07/11/02 e publicada no BOP nº 261 e nº 298 de datas 14/11/02 e 30/12/02 respectivamente, e será de aplicación a partir do 01.01.03, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

3.- Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 11 de novembro de 2003, publicada no BOP nº 299 de data 31/12/2003, e será de aplicación a partir do 01.01.04, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

4.- Pleno da Corporación en sesión celebrada o 11 de novembro de 2004f, foi publicada no BOP Nº 300 de data 31/12/04, entrando en vigor o día 1 de xaneiro de 2005.

5.- Pleno da Corporación en sesión de 10 de outubro de 2005 e publicada no BOP nº 287 de 17/12/05, entrando en vigor o 1 de xaneiro de 2006.

6.- Pleno da Corporación en sesión de 9 de novembro de 2006 e publicada no BOP nº 297 de 29/12/06, entrando en vigor o 1 de xaneiro de 2007.

7.-Pleno da Corporación en sesión de 13 de setembro de 2007 e publicada no BOP nº 265 de 16 de novembro de 2007, entrando en vigor o 1 de xaneiro de 2008.

8.- Pleno da Corporación de 13/11/2008 e publicada no BOP nº 296 de 26/12/2008, entrando en vigor o 1 de xaneiro de 2009.

9.- Pleno da Corporación de 12/11/2009 e publicada no BOP nº 274 de 31/12/2009 e corrección de erros BOP Nº 11 de 19 de xaneiro de 2010

Asdo./ .

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Concello de Boiro

Ordenanza nº 13.- ORDENANZA FISCAL Nº 13, REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVICIOS NO MERCADO MUNICIPAL DE BOIRO.

Artigo 1º.-Fundamento e natureza.- En uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), este Concello establece a taxa pola prestación de servicios no mercado municipal de Boiro, que se rexirá pola presente ordenanza fiscal, que nas súas normas atende ó previsto no artigo 57 do citado RDL 2/2004.

Artigo 2º.- Feito imponible.- Constitúen o feito imponible desta taxa:

A).- O outorgamento de concesións para a explotación dos postos, mesas e demais instalacións susceptibles de aproveitamento privativo no mercado municipal de Boiro.

B).- O outorgamento das prórrogas previstas para as concesións de explotación dos postos, mesas e demais instalacións susceptibles de aproveitamento privativo no mercado municipal de Boiro.

C).- A ocupación e explotación dos postos, mesas e demais instalacións susceptibles de aproveitamento privativo no mercado municipal de Boiro.

D).- A subrogación intervivos ou mortis causa así como o traspaso dos postos, mesas e demais instalacións susceptibles de aproveitamento privativo no mercado municipal de Boiro.

Artigo 3º.- Suxeito pasivo.- Serán suxeitos pasivos da taxa prevista nesta ordenanza as persoas físicas ou xurídicas ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Lei Xeral Tributaria, titulares das concesións dos postos, mesas e demais instalacións susceptibles de aproveitamento privativo no mercado municipal de Boiro.

Será en todo caso suxeito pasivo quen se beneficie dos servicios ou actividades prestados nos mercados municipais ós que se refire o artigo anterior.

No caso de subrogacións e traspasos será suxeito pasivo o novo titular dos postos.

Artigo 4º.- Responsables.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren os artigos 38 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º.- Cota tributaria.- A cota tributaria desta taxa determinarase por aplicación das seguintes tarifas:

Epígrafe 1: Outorgamento de concesións:	
A resultante do procedemento de licitación e adxudicación, debendo preverse nos pregos de cláusulas económico-administrativas un mínimo de 1 anualidade da taxa de ocupación e explotación dos postos, mesas e demais instalacións susceptibles de aproveitamento privativo.	
Epígrafe 2: Ocupación e explotación dos postos, mesas e outras instalacións:	
A) <u>Supermercado ou similares</u> : Será a resultante de multiplica-la superficie do local ou instalación, en m2 ou fracción, pola cantidade fixa de: (euros ó mes)	7,34
B) <u>Resto (postos e mesas, local almacén ou calquera uso autorizado distinto de supermercado).</u> -Será a resultante de multiplica-la superficie do local ou instalación, en	5,17

Concello de Boiro



Concello de Boiro

m2 ou fracción, pola cantidade fixa de: (euros ó mes)

Para o caso das mesas de venda de peixe no mercado de Boiro a superficie de que disfrute o concesionario ós efectos do cálculo da taxa obterase de dividi-la superficie que ocupa o total de mesas e o espacio que se atopa no seu interior polo número de mesas, operación que na actualidade presenta o resultado de 5 m2 por cada mesa de venda de peixe de 2,20 metros de fronte.

Artigo 6º.- Dereitos municipais por prórrogas, traspasos e subrogacións..- Para os supostos de prórroga das concesións, e autorizacións de traspasos e subrogacións establécense a favor do concello os seguintes dereitos económicos:

- **Prórroga das concesións:** O 10% do prezo de adxudicación inicial da concesión. En todo caso un mínimo do equivalente a 1 anualidade vixente da taxa de ocupación e explotación dos postos, mesas e demais instalacións susceptibles de aproveitamento privativo.
- **Subrogacións:** O 10% do prezo de adxudicación inicial da concesión. En todo caso un mínimo de 1 anualidade vixente da taxa de ocupación e explotación dos postos, mesas e demais instalacións susceptibles de aproveitamento privativo..
- **Traspasos:** O 10% do prezo satisfeito en concepto de traspaso ó anterior concesionario. En todo caso un mínimo de 1 anualidade vixente da taxa de ocupación e explotación dos postos, mesas e demais instalacións susceptibles de aproveitamento privativo.

Artigo 7º.- Devengo.- O período impositivo coincidirá co ano natural, excepto cando se trate de primeira ocupación, suposto no que o período impositivo comenará cando o faga a ocupación.

A taxa devengarase o primeiro día do período impositivo. O seu importe prorratearase por meses naturais nos casos de primeira ocupación e cese da actividade.

No caso de prórroga, subrogacións e traspasos de concesións, a taxa devengarase no momento de producirse.

Artigo 8º.- Declaración, liquidación e ingreso

1.- A taxa por concesión liquidarase cando se concurra ó procedemento de licitación e ingresarse ó resultar adxudicatario e de acordo co previsto nos pregos rectores da licitación. En defecto de previsión nos pregos ingresarse no prazo de 15 días hábiles contados a partir da notificación da adxudicación.

2.- Os dereitos por prórroga, subrogación e traspaso da concesión liquidarase de xeito provisional polo interesado e ingresarse no momento de presentación da solicitude.

Resolta a solicitude practícarase liquidación definitiva na que se deducirá o importe ingresado na liquidación provisional, que será notificada ó interesado dacordo co previsto no artigo 101.1 e 101.2 da Lei 58/2003, de 17 de decembro (Lei Xeral Tributaria)

Resolta a solicitude, a renuncia do interesado non dará dereito á devolución das taxas devengadas. Se a renuncia se producira con anterioridade á resolución, devolverase ó interesado o 80 por 100 do importe da liquidación provisional ingresada.

3.- A taxa por ocupación e explotación dos postos, mesas e demais instalacións de uso privativo terá carácter mensual, **liquidándose cada trimestre natural**. Os suxeitos pasivos serán incorporados a un Padrón fiscal, e a obriga de contribuír non cesará mentres os interesados non tramiten a súa baixa ante a administración municipal. As baixas surtirán

Concello de Boiro



Concello de Boiro

efecto no mes seguinte a aquel no que se solicite, unha vez comprobado o cese do servizo.

Notificada a liquidación de alta, as sucesivas liquidacións notificaranse de xeito colectivo, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia, segundo o previsto no artigo 101.1 e 101.2 da Lei 58/2003, de 17 de decembro (Lei Xeral Tributaria)

4.- As liquidacións non satisfeitas en periodo voluntario de cobranza, esixiranse mediante o procedemento de constrinximento.

Artigo 9º.- Infraccións e sancións.- En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e disposicións concordantes, así como na normativa reguladora do mercado para os casos de impago.

Disposición derogatoria.-Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango foran de aplicación ata o de agora ás materias reguladas na presente ordenanza fiscal.

Disposición final.-A presente ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno da corporación en sesión do 19.09.2002, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata súa modificación ou derogación expresas. Publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 228 do día 09 de outubro de 2002.

Dilixencia.- A presente Ordenanza foi modificada por:

- Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 11 de novembro de 2003, publicada no BOP nº 299 de data 31/12/2003, e será de aplicación a partir do 01.01.04, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.
- Pleno da Corporación en sesión celebrada o 11 de novembro de 2004, foi publicada no BOP Nº 300 de data 31/12/04, entrando en vigor o día 1 de xaneiro de 2005.
- Pleno da Corporación en sesión de 10 de outubro de 2005 e publicada no BOP nº 287 de 17/12/05, entrando en vigor o 1 de xaneiro de 2006.
- Pleno da Corporación en sesión de 9 de novembro de 2006 e publicada no BOP nº 297 de 29/12/06, entrando en vigor o 1 de xaneiro de 2007.
- Pleno da Corporación en sesión de 13 de setembro de 2007 e publicada no BOP nº 265 de 16 de novembro de 2007, entrando en vigor o 1 de xaneiro de 2008.
- Pleno da Corporación de 13/11/2008 e publicada no BOP nº 296 de 26/12/2008, entrando en vigor o 1 de xaneiro de 2009.
- Pleno da Corporación de 12/11/2009 e publicada no BOP nº 274 de 31/12/2009 e corrección de erros BOP Nº 11 de 19 de xaneiro de 2010



Concello de Boiro

Ordenanza Fiscal nº 14 .- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA "TAXA POR UTILIZACION PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO SUBSOLO, SOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA"

ARTIGO 1º.- FUNDAMENTO, NATUREZA .-

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos art. 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), este Concello establece a "TAXA POR UTILIZACION PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO SUBSOLO, SOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA", que se rexirá pola presente Ordenanza Fiscal, onde as súas normas atenden ó previsto no art. 57 do citado TRLRFL, en relación co disposto nos artigos 20 a 27.

ARTIGO 2º.- FEITO IMPOÑIBLE.-

Constitúen os feitos impondibles da taxa as utilizacións privativas e aproveitamentos especiais do subsolo, solo e voo do dominio público municipal.

ARTIGO 3º.- SUXEITO PASIVO.-

Serán suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuínte, as persoas físicas e xurídicas, e as Entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria (Lei 58/2003, de 17 de decembro), que disfruten, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público en beneficio particular como consecuencia da ocupación do voo ou solo público por calquera elemento que constituía o feito impondible desta taxa.

ARTIGO 4º.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS.-

No suposto de que o solicitante da licenza desista da mesma dentro do mes seguinte á data de entrada da solicitude no rexistro municipal, soamente aboará o 10% da cota que resultara aplicable á actividade solicitada, sempre e cando non houbera resolución da concesión da licenza. No caso de que xa se concedera ou denegara a preceptiva licenza a cota a pagar será do 20%.

ARTIGO 5º.- COTA TRIBUTARIA.-

1. A cota tributaria será a cantidade resultante de aplica-las seguintes TARIFAS:

EPÍGRAFE 1º.- Grúas:	
• Por cada grúa utilizada na construción, se o seu brazo ou pluma ocupa voo da vía pública: (euros/día)	2,44
• Se calquera dos elementos toca o solo: (euros/día)	4,89

Concello de Boiro



Concello de Boiro

EPÍGRAFE 2º. - Por cada báscula, cabina fotográfica, máquinas de xerocopia, aparatos ou máquinas de venda de expedición automática de calquera produto ou servizo, incluídas as bombas de gasolina e análogos. Por m2 ou fracción/ trimestre:	22,62
EPÍGRAFE 3º. - Calquera outra ocupación da vía pública non contemplada nos epígrafes anteriores, por m2 ou fracción e día:	0,37

Notas:

- A contía que corresponde aboar á grúa pola ocupación de voo é compatible coa que, no seu caso, proceda por te-la súa base ou apoio na vía pública.
- O aboamento desta taxa non exime da obriga de obte-la autorización municipal de instalación da grúa.

2.- Non obstante do anterior, cando se trate de taxas pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministros que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante do vecindario, o importe de aquelas consistirá, en todo caso e sen excepción, no 1,5 por 100 dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente en cada termo municipal as referidas empresas. A estes efectos, incluíranse entre as empresas explotadoras de ditos ervidos as empresas distribuidoras e comercializadoras destes. Non se incluírán neste réxime especial de contificación da taxa os servizos de telefonía mobil.

Sen perxuízo do anterior, esta taxa será compatible con outras que poidan establecerse pola prestación de servizos ou a realización de actividades de competencia local. das que as mencionadas empresas deberán ser suxeitos pasivos conforme ó establecido no art. 23 da Lei 25/98.

A contía da taxa que poidera corresponder a Telefónica de España S.A., está englobada na compensación en metálico de periodicidade anual á que se refire o apartado 1 do artigo 4 da Lei 15/1987, de 30 xullo.

ARTIGO 6º.- DEVENGO.-

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír:

- Tratándose de concesións de novos aproveitamentos da vía pública no momento de obte-la correspondente licenza municipal.
- Tratándose de aproveitamentos xa existentes, o día 1 de cada un dos períodos naturais de tempo sinalados na tarifa.

ARTIGO 7.- RÉXIME DE DECLARACIÓN E INGRESO.-

1.- As cantidades esixidas conforme ás tarifas liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado, e serán irreducibles polos períodos de tempo sinalados nos

Concello de Boiro



Concello de Boiro

respectivos epígrafes.

2.- As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta Ordenanza deberán solicitar previamente a correspondente licencia.

3.- Unha vez autorizada a ocupación, se non se determinou con exactitude a duración do aproveitamento, entenderase prorrogado ata que se presente a declaración de baixa polos interesados.

4.- A presentación de baixa surtirá efectos dende día 1 do período natural de tempo seguinte ó sinalado non epígrafes da tarifa. A non presentación de baixa determinará a obrigaón de continuar aboando a taxa.

5.- De conformidade co previsto no artigo 26.1.a) do TRLRFL e co fin de garantir en todo caso os dereitos da administración, toda solicitude de licencia para que poida ser admitida a trámite deberá acompañarse dun xustificante do depósito previo desta taxa na tesourería municipal, calculado segundo os datos formulados polo interesado. O depósito provisional non causará dereito ningún e non faculta para realiza-la ocupación, que só poderán levarse a cabo cando se obteña a licencia. A liquidación, practicada conforme as normas anteriores, elevarase a definitiva unha vez concedida a licencia, e se esta fose denegada o interesado poderá insta-la devolución dos dereitos pagados.

6.- As cotas liquidadas e non satisfeitas en período voluntario de cobranza, esixiranse polo procedemento de constrinximento.

7.- Cando a utilización privativa ou o aproveitamento especial regulado nesta Ordenanza leve aparellada a destrución ou deterioro do pavimento ou instalacións da vía pública, o beneficiario, sen perxuízo do pago da taxa á que houbera lugar, estará obrigado ó reintegro do custo total dos respectivos gastos de reconstrución ou reparación e o depósito previo do seu importe.

Se os danos foran irreparables o Concello será indemnizado en contía igual ó valor dos bens destruídos ou o importe do deterioro dos danados.

Baixo nengún concepto se poderá condonar total nen parcialmente as indemnizacións e reintegros a que se refire o presente apartado.

ARTIGO 8º.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.-

En todo o relativo á calificación de infraccións tributaria, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarse ó disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei Xeral Tributaria (Lei 58/2003, de 17 de decembro).

DILIXENCIA.-

1.- A presente Ordenanza Fiscal foi aprobada inicialmente polo Concello-Pleno en Sesión celebrada o día vintedous de outubro de mil novecentos noventa e oito (22/10/98) e non habéndose formulado reclamacións durante o período de exposición ó público, elevouse a

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Concello de Boiro

definitiva por Decreto da Alcaldía de nove de decembro de mil novecentos noventa e oito (09/12/98), e foi publicada no Boletín Oficial da Provincia do vinte dous de decembro de mil novecentos noventa e oito (22/12/98).

2.- A presente ordenanza foi modificada por:

1. Pleno da Corporación en sesión de data vinteún de decembro de dous mil (21/12/00) e publicada no Boletín Oficial da Provincia de data trinta de decembro de dous mil (30/12/00).
2. Pleno da Corporación en sesión celebrada o 07/11/02 e publicada no BOP nº 261 e nº 298 de datas 14/11/02 e 30/12/02 respectivamente, e será de aplicación a partir do 01.01.03, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.
3. Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 11 de novembro de 2003, publicada no BOP nº 299 de data 31/12/2003, e será de aplicación a partir do 01.01.04, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.
4. Pleno da Corporación en sesión celebrada o 11 de novembro de 2004, foi publicada no BOP Nº 300 de data 31/12/04, entrando en vigor o día 1 de xaneiro de 2005.
5. Pleno da Corporación en sesión de 10 de outubro de 2005 e publicada no BOP nº 287 de 17/12/05, entrando en vigor o 1 de xaneiro de 2006.
6. Pleno da Corporación en sesión de 9 de novembro de 2006 e publicada no BOP nº 297 de 29/12/06, entrando en vigor o 1 de xaneiro de 2007.
7. Pleno da Corporación en sesión de 13 de setembro de 2007 e publicada no BOP nº 265 de 16 de novembro de 2007, entrando en vigor o 1 de xaneiro de 2008.
8. Pleno da Corporación de 13/11/2008 e publicada no BOP nº 296 de 26/12/2008, entrando en vigor o 1 de xaneiro de 2009.
9. Pleno da Corporación de 12/11/2009 e publicada no BOP nº 274 de 31/12/2009 e corrección de erros BOP Nº 11 de 19 de xaneiro de 2010

Asdo./ .



Concello de Boiro

Ordenanza Fiscal nº 15 .- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA "TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL CON MESAS, CADEIRAS, TRIBUNAS, TABOADOS, QUIOSCOS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS, CON FINALIDADE LUCRATIVA".

ARTIGO 1º.- FUNDAMENTO E NATUREZA.-

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos art. 15 a 19 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), este Concello establece a "TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL CON MESAS, CADEIRAS, TRIBUNAS, TABOADOS, QUIOSCOS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS, CON FINALIDADE LUCRATIVA", que se rexirá pola presente Ordenanza Fiscal, onde as súas normas atenden ó previsto no art. 57 do RDL 2/2004, de 5 de marzo en relación co disposto nos artigos 20 a 27.

ARTIGO 2º.- FEITO IMPOÑIBLE .-

1.- Dacordo co previsto nos artigos 57 e 20.1), 20.3.l) e 20.3.m) do TRLRFL, constitúe o feito imponible da taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial derivado da ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras, tribunais, taboados, quioscos ou calquera outro elemento análogo, con finalidade lucrativa.

2.- A obriga de contribuir nacerá dende o intre en que o aproveitamento sexa autorizado ou dende que o mesmo se inicie, se se fixera sen a oportuna licenza.

ARTIGO 3º.- SUXEITO PASIVO.-

Serán suxeitos pasivos da taxa, e polo tanto:

- As persoas naturais ou xurídicas titulares das respectivas licencias
- As empresas, entidades ou particulares beneficiarias dos aproveitamentos regulados pola Ordenanza.
- Os propietarios ou arrendatarios dos elementos colocados na vía pública ou bens de uso público.
- As persoas ou entidades encargadas da colocación, retirada ou vixancia de ditos elementos.

ARTIGO 4º.- EXENCIONS E BONIFICACIONES.-

Non se concederán exencións nen bonificacións, salvo as que se prevean mediante Lei.

ARTIGO 5.-COTA TRIBUTARIA E TARIFAS.-

A cota tributaria da taxa regulada nesta ordenanza será fixada nas tarifas seguintes,

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Concello de Boiro

atendendo á superficie realmente ocupada polos aproveitamentos expresados en metros cadrados:

EPÍGRAFE 1º.- Mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos: (euros/ MES /m ²)	3,77
EPÍGRAFE 2º.- Quioscos: Por cada quiosco: (euros/m ² / trimestre)	8,32

Ós efectos de aplicación das tarifas, terase en conta o seguinte:

a) Se o número de metros cadrados de aproveitamento non fose enteiro, redondearase por exceso para obter a superficie ocupada.

b) Se como consecuencia da colocación de toldos, marquesinas, separadores, barbacoas e outros elementos auxiliares se delimita unha superficie maior á ocupada, tomarase aquela como base de cálculo.

c) O exceso de ocupación respecto do autorizado, aplicaráselle a tarifa incrementada no 100% do sinalado.

d) **Con carácter mínimo considerarase que unha mesa e catro cadeiras ocupan unha superficie de 3 metros cadrados.**

e) As terrazas concederáanse por período mínimo de 1 mes, coas seguintes salvedades:

e).1 Ocupacións puntuais fóra da tempada estival: Devengo semanal

e).2 Tempada estival: Devengo trimestral (mínimo de tres meses, a elixir entre xuño a setembro), salvo nos casos de cese ou alta na actividade no que o importe da cota prorratearse por semanas naturais.

f) No caso das tarimas a autorización da ocupación afecta só ó fronte do local. No caso de ocupar máis deste fronte o interesado terá que aportar autorización do propietario.

ARTIGO 6.- DEVENGO.-

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuir:

A) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos da vía pública, no momento de obter a correspondente licenza municipal.



Concello de Boiro

B) Tratándose de aproveitamentos xa existentes, o día primeiro de cada un dos periodos naturais de tempo sinalados na tarifa.

ARTIGO 7.- RÉXIME DE DECLARACIÓN E XESTIÓN

1.- De conformidade co previsto no artigo 26.1.a) do TRLRFL, e co fin de garantir en todo caso os dereitos da administración, toda solicitude de licencia, para que poida ser admitida a trámite, deberá vir acompañada do xustificante de ingreso do depósito previo desta taxa na tesourería municipal, calculado segundo os datos formulados polo interesado.

2. O depósito provisional non causará dereito ningún e non faculta para a ocupación da vía pública, que só poderá levarse a cabo cando se obteña a licencia.

3. As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta ordenanza deberán solicitar previamente a correspondente licencia municipal e realizarán declaración na que conste superficie en metros cadrados do aproveitamento, elementos que se van a instalar e número, plano da situación dentro do municipio e o periodo de tempo solicitado. Coa solicitude acompañarase o xustificante de ingreso do depósito previo a que fai referencia o punto 1 e 2 así como copia do último recibo aboado do IAE.

4.-Unha vez autorizada a ocupación da vía pública, se non se determinou con exactitude a duración do aproveitamento, continuarase liquidando polos periodos de tempo naturais establecidos na tarifa, ata que se presente a declaración de baixa polos interesados.

5.- A presentación da baixa surtirá efectos dende o día primeiro do periodo natural de tempo seguinte o sinalado nos epígrafes da tarifa. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

6.- As cantidades esixibles conforme ás tarifas da presente ordenanza liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado, e serán irreductibles polos periodos de tempo sinalados nos respectivos epígrafes.

7.-Cando a utilización privativa ou o aproveitamento especial regulado nesta Ordenanza leve aparellada a destrución ou deterioro do pavimento ou instalacións da vía pública, o beneficiario, sen perxuízo do pago da taxa á que houbera lugar, estará obrigado ó reintegro do custo total dos respectivos gastos de reconstrución ou reparación e o depósito previo do seu importe.

Se os danos foran irreparables o Concello será indemnizado en contía igual ó valor dos bens destruídos ou o importe do deterioro dos danados.

Baixo nengún concepto se poderá condonar total nen parcialmente as indemnizacións e reintegros a que se refire o presente apartado.

Concello de Boiro



Concello de Boiro

ARTIGO 8.- LIQUIDACIÓN E INGRESO.-

1.- O pago da taxa realizarase por ingreso directo na tesourería municipal, nos prazos previstos polo regulamento xeral de recadación, unha vez notificada a correspondente liquidación definitiva.

2.- As cotas liquidadas e non satisfeitas en período voluntario de cobranza, esixiranse polo procedemento de constrinximento.

DISPOSICIÓN FINAL.- A presente Ordenanza Fiscal foi aprobada inicialmente polo Concello-Pleno en Sesión celebrada o día vintedous de outubro de mil novecentos noventa e oito (22/10/98) e non habéndose formulado reclamacións durante o período de exposición ó público, elevouse a definitiva por Decreto da Alcaldía de nove de decembro de mil novecentos noventa e oito (09/12/98), e foi publicada no Boletín Oficial da Provincia do vinte dous de decembro de mil novecentos noventa e oito (22/12/98). Foi modificada en sesión celebrada polo Concello-Pleno de data vinteún de decembro de dous mil (21/12/00) e publicada no Boletín Oficial da Provincia de data trinta de decembro de dous mil (30/12/00).

DILIXENCIAS.- A presente Ordenanza foi modificada por:

1.- Pleno da Corporación en sesión celebrada o 07/11/02 e publicada no BOP nº 261 e nº 298 de datas 14/11/02 e 30/12/02 respectivamente, e será de aplicación a partir do 01.01.03, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

2.- Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 11 de novembro de 2003, publicada no BOP nº 299 de data 31/12/2003, e será de aplicación a partir do 01.01.04, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

3.- Pleno da Corporación en sesión celebrada o 11 de novembro de 2004, foi publicada no BOP Nº 300 de data 31/12/04, entrando en vigor o día 1 de xaneiro de 2005.

4.- Pleno da Corporación en sesión de 10 de outubro de 2005 e publicada no BOP nº 287 de 17/12/05, entrando en vigor o 1 de xaneiro de 2006.

5.- Pleno da Corporación en sesión de 9 de novembro de 2006 e publicada no BOP nº 297 de 29/12/06, entrando en vigor o 1 de xaneiro de 2007.

6.- Pleno da Corporación en sesión de 13 de setembro de 2007 e publicada no BOP nº 265 de 16 de novembro de 2007, entrando en vigor o 1 de xaneiro de 2008.

7.- Pleno da Corporación de 13/11/2008 e publicada no BOP nº 296 de 26/12/2008, entrando en vigor o 1 de xaneiro de 2009.

8.- Pleno da Corporación de 12/11/2009 e publicada no BOP nº 274 de 31/12/2009 e corrección de erros BOP Nº 11 de 19 de xaneiro de 2010

Asdo./ .

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Concello de Boiro

Ordenanza Fiscal nº 16 .- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA "TAXA POR INSTALACIÓN DE POSTOS, BARRACAS, CASETAS DE VENDA, ESPECTÁCULOS, ATRACCIÓNS OU RECREO, SITUADOS EN TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL ASÍ COMO INDUSTRIAS NA RÚA E AMBULANTES."

ARTIGO 1º.- FUNDAMENTO E NATUREZA.-

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos art. 15 a 19 do TRLRFL (RDL 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais), este Concello establece a "TAXA POR INSTALACIÓN DE POSTOS, BARRACAS, CASETAS DE VENDA, ESPECTÁCULOS, ATRACCIÓNS OU RECREO, SITUADOS EN TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL ASÍ COMO INDUSTRIAS NA RÚA E AMBULANTES", que se rexirá pola presente Ordenanza Fiscal, onde as súas normas atenden ó previsto no art. 57 do TRLRFL, en relación co disposto nos artigos 20 a 27.

ARTIGO 2º.- FEITO IMPOÑIBLE.-

Dacordo co previsto nos artigos 58 e 20.1 e 3.n) do TRLRFL, constitúe o feito impoñible da taxa a utilización privativa ou o aproveitamento especial da vía pública municipal con postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, industrias da rúa e ambulante.

Os postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo a instalar nas festas do verán de Boiro non tributarán pola presente ordenanza, debendo ser sometidos a un proceso de licitación mediante poxa determinándose o prezo de saída mediante un estudo económico.

ARTIGO 3º.- SUXEITO PASIVO.-

Serán suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuínte, as persoas físicas e xurídicas, e as Entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Lei Xeral Tributaria, a favor das cales se outorguen as licencias ou autorizacións ou quen se beneficie do aproveitamento se se procedera sen a oportuna autorización.

ARTIGO 4º.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS.-

Non se concederán exencións nen bonificacións, salvo as que se prevean mediante Lei.

ARTIGO 5º.- BASE IMPOÑIBLE.-

Constitúe a base impoñible desta exacción a lonxitude en metros lineais do posto, barraca, caseta de venda, espectáculos, industrias da rúa e ambulantes e a lonxitude en metros cadrados no caso de tómbolas, atraccións e asimilados.

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Concello de Boiro

ARTIGO 6º.- COTA TRIBUTARIA.-

A cota tributaria será a resultante de aplica-las seguintes tarifas:

EPÍGRAFE 1º: Expedición de Licenza	
1.1.) Expedición de licenza: (euros/ano)	24,01
EPÍGRAFE 2º : Venda Ambulante	
2.1) Actividades do ramo de alimentación: (euros/m.l. e día)	1,80
2.2.) Actividades de calzado e confección: euros/m.l. e día	2,00
2.3.) Actividades restantes: euros/m.l. e día	1,87
EPÍGRAFE 3º: Espectáculos e atraccións	
3.1.) Circos (euros/día)	24,01
3.2.) Tómbolas, atraccións e asimilados (euros/m2/día)	1,20
3.3). Outros espectáculos: (euros/día)	39,99

ARTIGO 7.- PERIODO IMPOSITIVO E DEVENGO.-

No caso da expedición da licenza o periodo impositivo comprenderá o ano natural. Nos restantes casos o periodo impositivo abrangará os días da efectiva ocupación da vía pública. A taxa devengarase cando se obten a correspondente licenza municipal que autoriza o uso privativo ou o aproveitamento especial, ou dende que se realice, si non se tramitou a preceptiva licenza.

ARTIGO 8º.-RÉXIME DE XESTIÓN, DECLARACIÓN E INGRESO.-

1.- As cantidades esixibles conforme as tarifas liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreducibles.

2.- A taxa xestionase en réxime de declaración, debendo, as persoas ou entidades interesadas na concesión dos aproveitamentos regulados nesta ordenana, solicitar previamente a correspondente licenza e formular declaración na que conste a seguinte información:

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Concello de Boiro

- Extensión do aproveitamento
- Eementos a instalar.
- Plano detallado da súa situación no termo municipal.

3.- Non se consentirá ningunha ocupación da vía pública ata que os interesados obteñan e abonen a licenzia municipal correspondente.

4.- As autorizacións terán carácter persoal e non poderán ser cedidas nin subarrendadas a terceiros. O incumprimento deste mandato dará lugar á revogación da licenzia, sen perxuízo das contías que corresponda aboar polos interesados.

5.- O pago xestionarase da seguinte maneira:

A) CASO DE VENDEDORES AMBULANTES.-

- A expedición da licenzia conterà a contía da liquidación diaria, segundo declaración de extensión do aproveitamento, a efectos de notificación de alta.

- Os vendedores autorizados serán incorporados a un padrón ou matrícula, de carácter trimestral, debendo aboarse as liquidacións trimestrais, polo número de días de mercado ambulante do trimestre, durante o primeiro mes do trimestre natural.

- As liquidacións notificaranse de forma colectiva, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

B) CASO DOS DEMAIS APROVEITAMENTOS.-

- O pago realizarase por ingreso directo na Tesourería Municipal, unha vez notificada a correspondente liquidación e sempre con carácter previo á realización do aproveitamento.

6.-Cando a utilización privativa ou o aproveitamento especial regulado nesta Ordenanza leve aparellada a destrución ou deterioro do pavimento ou instalacións da vía pública, o beneficiario, sen perxuízo do pago da taxa á que houbera lugar, estará obrigado ó reintegro do custo total dos respectivos gastos de reconstrución ou reparación e o depósito previo do seu importe.

Se os danos foran irreparables o Concello será indemnizado en contía igual ó valor dos bens destruídos ou o importe do deterioro dos danados.

Baixo nengún concepto se poderá condonar total nen parcialmente as indemnizacións e reintegros a que se refire o presente apartado.

7.- Unha vez concedida ou renovada a licenzia establecida no epígrafe 1º do artigo 5, os suxeitos pasivos serán incorporados a un Padron Fiscal, e a obriga de contribuir non cesará mentras os interesados non tramiten a súa baixa ante a Administración. As baixas surtirán efecto no trimestre seguinte a aquel no que se solicite, unha vez comprobado polo persoal autorizado. O cobro realizarase de forma trimestral e a notificación será colectiva mediante anuncios no BOP.

□

DISPOSICIÓN TRANSITORIA.- As tarifas estipuladas no epígrafe 2 do artigo 6 serán de aplicación dende o 1 xaneiro ata o 31 de decembro de 2008.

□

Disposición final.- A presente Ordenanza Fiscal foi aprobada inicialmente polo Concello-

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Concello de Boiro

Pleno en Sesión celebrada o día vintedous de outubro de mil novecentos noventa e oito (22/10/98) e non habéndose formulado reclamacións durante o período de exposición ó público, elevouse a definitiva por Decreto da Alcaldía de nove de decembro de mil novecentos noventa e oito (09/12/98), e foi publicada no Boletín Oficial da Provincia do vinte dous de decembro de mil novecentos noventa e oito (22/12/98). Foi modificada en sesión celebrada polo Concello-Pleno de data vinteún de decembro de dous mil (21/12/00) e publicada no Boletín Oficial da Provincia de data trinta de decembro de dous mil (30/12/00).



Dilixencia. - A presente Ordenanza foi modificada por:

1. Pleno da Corporación en sesión celebrada o 07/11/02 e publicada no BOP nº 261 e nº 298 de datas 14/11/02 e 30/12/02 respectivamente, e será de aplicación a partir do 01.01.03, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.
2. Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 11 de novembro de 2003, publicada no BOP nº 299 de data 31/12/2003, e será de aplicación a partir do 01.01.04, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.
3. Pleno da Corporación en sesión celebrada o 11 de novembro de 2004, foi publicada no BOP Nº 300 de data 31/12/04, entrando en vigor o día 1 de xaneiro de 2005.
4. Pleno da Corporación en sesión de 10 de outubro de 2005 e publicada no BOP nº 287 de 17/12/05, entrando en vigor o 1 de xaneiro de 2006.
5. Pleno da Corporación en sesión de 9 de novembro de 2006 e publicada no BOP nº 297 de 29/12/06, entrando en vigor o 1 de xaneiro de 2007.
6. Pleno da Corporación en sesión de 13 de setembro de 2007 e publicada no BOP nº 265 de 16 de novembro de 2007, entrando en vigor o 1 de xaneiro de 2008.
7. Pleno en data 11/12/2007 sendo aprobada definitivamente por Decreto Alcaldía de data 08/01/2008 e publicada no BOP nº 39 de 16/02/2008.
8. Pleno da Corporación de 13/11/2008 e publicada no BOP nº 296 de 26/12/2008, entrando en vigor o 1 de xaneiro de 2009.
9. Pleno da Corporación de 12/11/2009 e publicada no BOP nº 274 de 31/12/2009 e corrección de erros BOP Nº 11 de 19 de xaneiro de 2010
10. Pleno da Corporación, sesión de 09/05/2013. Publicada no BOP nº 123 de 01/07/2013. (modificación do feito impositivo)

Asdo./ .



Concello de Boiro

Ordenanza Fiscal nº 17 .- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA "TAXA POR ENTRADA DE VEHICULOS A TRAVÉS DE BEIRARRÚAS E RESERVAS DA VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA OU DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE"

ARTIGO 1º.- FUNDAMENTO, NATUREZA E OBXECTO.-

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos art. 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL) , este Concello establece a "TAXA POR ENTRADA DE VEHICULOS A TRAVÉS DE BEIRARRÚAS E RESERVAS DA VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA OU DESCARGA DE MERCANCÍAS DE CALQUERA CLASE", que se rexirá pola presente Ordenanza Fiscal, onde as súas normas atenden ó previsto no art. 57 do TRLRFL en relación co disposto nos artigos 20 a 27.

ARTIGO 2º.- FEITO IMPOÑIBLE.-

1.- Dacordo co previsto nos artigos 58 e 20.1 e 3.h) do TRLRFL, constitúe o feito imponible da taxa, a entrada de vehículos a través de beirarrúas e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercancías de calquera clase.

2.-Cando a utilización privativa ou o aproveitamento especial regulado nesta Ordenanza leve aparellada a destrución ou deterioro do pavimento ou instalacións da vía pública, o beneficiario, sen perxuízo do pago da taxa á que houbera lugar, estará obrigado ó reintegro do custo total dos respectivos gastos de reconstrución ou reparación e o depósito previo do seu importe.

Se os danos foran irreparables o Concello será indemnizado en contía igual ó valor dos bens destruídos ou ó importe do deterioro dos danados.

Baixo ningún concepto se poderá condonar total nen parcialmente as indemnizacións e reintegros a que se refire o presente apartado.

ARTIGO 3º.- SUXEITO PASIVO.-

1. Serán suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuínte, as persoas físicas e xurídicas, e as Entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria (Lei 58/2003, de 17 de decembro), que disfruten, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público en beneficio particular para a entrada de vehículos a través das beirarrúas e reservas da vía pública, para aparcamento exclusivo, parada de vehículos ou carga e descarga de mercancías de calquera clase.

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Concello de Boiro

2. Terá a condición de suxeito pasivo substituto do contribuínte, na taxa establecida pola utilización privativa ou o aproveitamento especial por entradas de vehículos ou carruaxes a través das beirarrúas e pola súa construción, mantemento, modificación ou supresión, os propietarios das fincas e locais a que den acceso ditas entradas de vehículos, quenes poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.

ARTIGO 4º.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS.-

Non se concederán exencións nen bonificacións, salvo as que se prevean mediante Lei.

ARTIGO 5º.- BASE IMPOÑIBLE.-

Constitue a base imponible desta exacción a lonxitude en metros lineais do paso ou entrada de vehículos e da reserva de espazo da vía pública.

ARTIGO 6.- COTA TRIBUTARIA E TARIFAS.-

A cota tributaria consistirá na cantidade resultante de aplica-las seguintes tarifas:

EPIGRAFE 1º.- Entradas de vehículos a través de beirarrúas:	
1.1.- Caso de garaxes industriais, talleres e similares:	
• Zona 1ª: (metro lineal ou fracción)	4,83
• Zona 2ª: (metro lineal ou fracción)	3,61
1.2.- Caso de domicilios particulares:	
• Zona 1ª: (metro lineal ou fracción)	3,20
• Zona 2ª: (metro lineal ou fracción)	2,42
EPIGRAFE 2º.-Reservas para carga e descarga de mercadorías de calquera clase.-	
• Zona 1ª: (metro lineal ou fracción)	24,80
• Zona 2ª: (metro lineal ou fracción)	20,73
EPIGRAFE 3º.- Reservas de aparcamento exclusivo:	

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Concello de Boiro

3.1. Autocaravanas (zonas habilitadas para o seu aparcamento)	6,07 €/día
En tempada alta: entendendo por tempada alta a Semana Santa con independencia da altura do ano na que coincida e os meses de maio a setembro (ambos inclusive)	
En tempada baixa :	3,04 €/día
3.2. Resto dos casos (zonas habilitadas para o seu aparcamento)	
• □□□□□□□□ Zona 1ª: (metro lineal ou fracción)	37,76
• Zona 2ª: (metro lineal ou fracción)	18,88
EPIGRAFE 4º.- Vados permanentes:	
4.1. Caso de vivendas unifamiliares:	
• Zona 1ª: (metro lineal ou fracción)	14,02
• Zona 2ª: (metro lineal ou fracción)	11,57
4.2. Caso de edificios plurifamiliares , cando a capacidade do local non supera 10 vehículos:	
• Zona 1ª: (metro lineal ou fracción)	20,99
• Zona 2ª: (metro lineal ou fracción)	17,39
4.3. Caso de edificios plurifamiliares , cando a capacidade do local supera 10 vehículos:	
• Zona 1ª: (metro lineal ou fracción)	28,00
• Zona 2ª: (metro lineal ou fracción)	23,14
4.4. Caso de loais destinados a almacén comercial	
• Zona 1ª: (metro lineal ou fracción)	14,97
• Zona 2ª: (metro lineal ou fracción)	12,75
4.5. Caso de loais destinados a industria, empresa, taller...	
• Zona 1ª: (metro lineal ou fracción)	16,08

Concello de Boiro



Concello de Boiro

• Zona 2ª: (metro lineal ou fracción)	13,86
---------------------------------------	-------

NOTAS:

1. Os efectos de aplicación das anteriores tarifas, a clasificación das zonas será a seguinte:

- Zona 1ª: Núcleo urbano da parroquia de Boiro
- Zona 2ª: Núcleos urbanos parroquias de Escarabote, O Castro, Abanqueiro e Cespón.

2. Os que queiran disfrutan dos aproveitamentos sinalados nos epígrafes 2º, 3 e 4º deberán aboa-la sinal de vado permanente, de carga ou descarga ou de aparcamento exclusivo, que se fixa na cantidade de **12,44 eur. /unidade**. No caso de declaracións de baixa establécese a obriga de entrega-lo disco nas dependencias municipais.

ARTIGO 7º.-PERIODO IMPOSITIVO E DEVENGO.-

1.- A taxa devengarase o 1 de xaneiro de cada ano e o periodo impositivo comprenderá o ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cese na utilización privativa ou aproveitamento especial regulado nesta Ordenanza. Nestes casos o periodo impositivo axustarase a esa circunstancia, prorrateándose por trimestres, agás no caso do epígrafe 3.1 que será por días.

2.- No caso de inicio en data diferente ó un de xaneiro, as cotas calcularanse proporcionalmente ó número de trimestres naturais que restan para finaliza-lo ano, incluído o de comenzo na utilización privativa ou aproveitamento especial.

3.- No caso de cese, as cotas serán prorrateables por trimestres, excluído aquel no que se produza dito cese. A tal fin, os suxeitos pasivos poderán solicita-la devolución da parte da cota correspondente ós trimestres naturais nos que non se realizara dita utilización.

4.- Si o inicio ou cese se debe a cambio no suxeito pasivo, a obriga tributaria de pago do trimestre corresponderá a quen o fora orixinariamente no trimestre de dito inicio ou cese.

ARTIGO 8º.- RÉXIME DE XESTIÓN, DECLARACIÓN E INGRESO.-

1. A taxa xestionase por declaración do suxeito pasivo. Toda solicitude de licencia incluírá declaración dos metros lineais a utilizar e ubicación, así como xustificante do ingreso do depósito previo na tesourería municipal.

2. Tódolos suxeitos pasivos desta taxa, unha vez notificada a alta serán incorporados de oficio a un Padrón Fiscal, que conterà os datos necesarios para a correcta xestión da taxa. As

Concello de Boiro



Concello de Boiro

liquidacións anuais sucesivas e prazos de ingreso, notificaranse de xeito colectivo mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia.

3. As cotas devengadas e non satisfeitas en período voluntario de cobranza esixiranse polo procedemento de constrinximento.

4.- O cobro dos recibos periódicos realizarase exclusivamente a través da Entidade Caixa Galicia, en virtude de contrato asinado en data 30 de xuño de 1997, agás os recibos que foran domiciliados, os cales serán cargados na conta sinalada ó efecto polos interesados, a través da entidade antes mencionada.

ARTIGO 9º.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN.-

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias así como das sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei Xeral Tributaria (Lei 58/2003, de 17 de decembro).

DISPOSICION FINAL.- A presente Ordenanza Fiscal foi aprobada inicialmente polo Concello-Pleno en Sesión celebrada o día vintedous de outubro de mil novecentos noventa e oito (22/10/98) e non habéndose formulado reclamacións durante o período de exposición ó público, elevouse a definitiva por Decreto da Alcaldía de nove de decembro de mil novecentos noventa e oito (09/12/98), e foi publicada no Boletín Oficial da Provincia do vinte dous de decembro de mil novecentos noventa e oito (22/12/98). Foi modificada en sesión celebrada polo Concello-Pleno de data vinteún de decembro de dous mil (21/12/00) e publicada no Boletín Oficial da Provincia de data trinta de decembro de dous mil (30/12/00).

DILIXENCIAS.- A presente Ordenanza foi modificada por:

1.- Pleno da Corporación en sesión celebrada o 07/11/02 e publicada no BOP nº 261 e nº 298 de datas 14/11/02 e 30/12/02 respectivamente, e será de aplicación a partir do 01.01.03, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

2.- Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 11 de novembro de 2003, publicada no BOP nº 299 de data 31/12/2003, e será de aplicación a partir do 01.01.04, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

3.- Pleno da Corporación en sesión celebrada o 11 de novembro de 2004, foi publicada no BOP Nº 300 de data 31/12/04, entrando en vigor o día 1 de xaneiro de 2005.

4.- Pleno da Corporación en sesión de 10 de outubro de 2005 e publicada no BOP nº 287 de 17/12/05, entrando en vigor o 1 de xaneiro de 2006.

5.- Pleno da Corporación en sesión de 9 de novembro de 2006 e publicada no BOP nº 297 de 29/12/06, entrando en vigor o 1 de xaneiro de 2007.

6.- Pleno da Corporación en sesión de 13 de setembro de 2007 e publicada no BOP nº 265 de 16 de novembro de 2007, entrando en vigor o 1 de xaneiro de 2008.

Concello de Boiro



Concello de Boiro

7.- Pleno da Corporación de 13/11/2008 e publicada no BOP nº 296 de 26/12/2008, entrando en vigor o 1 de xaneiro de 2009

8.- Pleno da Corporación de xaneiro 2009 e publicada no BOP. Nº 101, de 6 de maio de 2009, entrando en vigor o mesmo día da súa publicación (modificación autocaravanas).

9.- Pleno da Corporación de 12/11/2009 e publicada no BOP nº 274 de 31/12/2009 e corrección de erros BOP Nº 11 de 19 de xaneiro de 2010

Asdo./ .



Concello de Boiro

Ordenanza Fiscal nº 18 .- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA INMOBILIZACIÓN, RETIRADA E DEPÓSITO DE VEHÍCULOS NA VÍA PÚBLICA

Artigo 1º.-Fundamento e natureza.-

No uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), o Concello de Boiro establece a taxa pola prestación do servizo de inmovilización, retirada e depósito de vehículos na vía pública, de acordo co previsto no Texto articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación e Vehículos a motor e Seguridade Vial, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, que nas súas normas atende ó previsto no artigo 57 do TRLRFL.

Artigo 2º.- Feito imponible.-

O feito imponible está constituído pola prestación dos servizos municipais de prestación do servizo de recepción obrigatoria da inmovilización mediante procedementos mecánicos e da retirada, traslado e depósito de vehículos que se atopen na vía pública e en terreos adxacentes.

A inmovilización, retirada, traslado e depósito de vehículos producirase nos casos previstos na lexislación vixente e nas disposicións municipais sobre a materia.

O servizo é de recepción obrigatoria e prestarase de oficio ou en virtude dunha denuncia particular.

Artigo 3º.- Devengo.-

1.- Este tributo devengarase, nacente a obriga de contribuir, coa iniciación da prestación do servizo.

Entenderase que se iniciou a prestación do servizo cando, detectado o vehículo infractor, se inicien os labores para a súa retirada.

O labor de retirada poderá ser suspendido, nos supostos daqueles vehículos aparcados en zona prohibida ou que perturben, dificulten, obstaculicen ou causen perigo, no caso de que o conductor infractor satisfaga no devandito momento o custo da taxa e mobilice o vehículo seguidamente a fin de que o mesmo deixe de orixina-la anomalía pola que se presta o servizo e se aplica a taxa.

Na modalidade de depósito ou almacenaxe, devéngase a taxa e nace a obriga de contribuir dende que o vehículo entra no solar ou local destinado ó seu depósito.

Na modalidade de inmovilización devéngase a taxa cando se inicien as tarefas de inmovilización do vehículo na vía pública e terreos adxacentes por medio dalgún procedemento mecánico que impida a súa circulación.

2.- Non estarán suxeitos á taxa de retirada, aínda que si aboarán os gastos de depósito transcorridos os tres primeiros días, os vehículos subtraídos, circunstancia que deberá acreditarse mediante a aportación da copia da correspondente denuncia formalizada.

Artigo 4.- Suxeitos pasivos.-

Concello de Boiro



Concello de Boiro

1.-Son suxeitos pasivos desta Taxa, en concepto de substitutos do contribuínte, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades ás que refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, Lei 58/2003, de 17 de decembro, que sexan propietarios dos vehículos retirados.

A falta de proba en contrario, entenderase que o afectado pola prestación do servizo é o titular que figure inscrito no permiso ou licenza de circulación do vehículo.

2.-Serán suxeitos pasivos contribuíntes os condutores dos vehículos.

Artigo 5.- Responsables.-

Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas ás que se refiren os artigos 38 e ss da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 6.- Cota Tributaria.-

EPÍGRAFE 1.- RETIRADA DE VEHÍCULOS POLA GRÚA.-	
<u>As cotas a aboar pola retirada de vehículos son as seguintes:</u>	
1.- No caso da retirada dun vehículo automóbil turismo, furgoneta e coche de minusválido calquera:	55,59
2.-No caso de retirada de vehículos automóviles de carga ou camións e autobuses, automóviles e vehículos especiais, maquinaria e tractores de calquera clase:	100,21
3.- Pola retirada de cada motocicleta, ciclomotor ou semellantes:	23,80
EPÍGRAFE 2.- GASTOS DE DEPÓSITO.-	
Os vehículos retirados da vía pública devengarán por cada día ou fracción de estancia no depósito municipal, despois das primeiras 24 horas, a cota seguinte:	
1.- Por vehículo automovil turismo, coche de minusválido, furgoneta e semellantes:	15,48
2.- Por vehículos automóviles de carga ou camións e autobuses, automóviles e vehículos especiais, maquinaria e tractores de calquera clase, remolques e semirremolques:	23,80
3.-Por motocicleta, ciclomotor e semellantes:	4,76
Cando o depósito non teña lugar nos almacéns ou locais municipais, repercutirase o exceso do seu custo sobre a cota sinalada anteriormente.	

Concello de Boiro



Concello de Boiro

NOTA COMÚN Á RETIRADA E Ó DEPÓSITO.- Se só hai intervención do servizo de grúa pero sen que sexa precisa a retirada e traslado ó depósito, as contías anteriores quedarán reducidas ó 50%. Unha vez que se calzara o vehículo para a súa retirada pola grúa, as cotas aboaranse xa o 100%.

EPÍGRAFE 3.- GASTOS DE INMOBILIZACIÓN .-

Pola inmovilización do vehículo:

1.- Por vehículo automobil turismo, coche de minusválido, furgoneta e semellantes:	23,80
2.- Por vehículos automóviles de carga ou camións e autobuses, <u>automóviles</u> e vehículos especiais, maquinaria e tractores de calquera clase, remolques e semirremolques:	71,42
3.-Por motocicleta, ciclomotor e semellantes:	11,90

Artigo 7.- Xestión e recadación.-

Trasladados os vehículos ó depósito, pola dependencia administrativa que corresponda ou polo concesionario do servizo, cursarase comunicación ó titular do vehículo indicándolle que, de acordo co estipulado no artigo 71.1 da Lei de Tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, os vehículos retirados da vía pública e que permanezan depositados nela por mais de dous meses poden considerarse abandonados, concedéndolle un prazo de 15 días hábiles para que proceda á súa retirada do depósito municipal, previo pago das taxas correspondentes de acordo co regulado no artigo 6 da presente ordenanza.

A inactividade polo interesado xenerará a práctica dunha liquidación de taxas segundo o estipulado no epígrafe 2 do artigo 6 por un periodo de tempo de dous meses máximo. As cotas liquidadas e non satisfeitas en periodo voluntario de cobranza, esixiranse polo procedemento de constrinximento.

A saída de toda clase de vehículo almacenado no depósito, deberá ser autorizada polo axente que ordeou o seu traslado e depósito, axente que o substitua ou persoa habilitada.

Cando se inmovilizase un vehículo mediante a utilización de cepos ou outros procedementos mecánicos similares para impedi-la súa circulación ou uso, os condutores ou propietarios cando proceda, solicitarán ós axentes municipais a súa retirada ou levantamento de inmovilización, para o cal deberán aboar previamente a taxa prevista, aplicándose o resto das normas de xestión previstas nesta Ordenanza.

Non serán devoltos os vehículos que fosen obxecto de recollida mentres non se aboase o pagamento das cotas que se establecen nesta Ordenanza, agás que, no caso de haberse interposto reclamación, fose depositado ou afianzado o importe da liquidación na contía e forma previstas no artigo 14 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais.

Artigo 8º.- Compatibilidade coas multas.-

O pago da liquidación da presente taxa non exclue, en maneira algunha, o das sancións ou multas que fosen procedentes por infracción das normas de circulación ou policía urbana.

Concello de Boiro



Concello de Boiro

Artigo 9º.- Pagos pendentes.-

Todo vehículo que fose retirado da vía pública polos servicios a que se refire esta Ordenanza, e teña pendente o pago de multas de circulación ou tráfico ou cotas do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica, non poderá ser recuperado polo seu conductor ou propietario en tanto en canto non se faga efectivo os devanditos pagos, e aqueles ós que se refire o artigo anterior.

Respecto da sanción ou multa imposta, poderá ser satisfeita voluntariamente polo interesado para a retirada do vehículo. Caso de non satisfacela, seguirase o procedemento xeral establecido na materia, con notificacións regulamentarias, indicación dos recursos, etc.. conforme ó disposto no Regulamento Xeral de Recadación.

Artigo 10º.- Concertos de servizo.-

O concello poderá celebrar concerto para a prestación do servizo de coche-grúa e cos garaxes do Concello para estancia dos vehículos retirados das vías públicas e terreos adxacentes.

Artigo 11º.- Infraccións e sancións tributarias.-

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan, estarase ó disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei Xeral Tributaria (Lei 58/2003, de 17 de decembro) e demais normativa aplicable.

Disposición final.- A presente Ordenanza foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 07/11/02 e publicada no BOP nº 261 e nº 298 de datas 14/11/02 e 30/12/02 respectivamente, e será de aplicación a partir do 01.01.03, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Dilixencias.- A presente Ordenanza foi modificada por:

1. Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 11 de novembro de 2003, publicada no BOP nº 299 de data 31/12/2003, e será de aplicación a partir do 01.01.04, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.
2. Pleno da Corporación en sesión celebrada o 11 de novembro de 2004, foi publicada no BOP Nº 300 de data 31/12/04, entrando en vigor o día 1 de xaneiro de 2005
- 3.- Pleno da Corporación en sesión de 10 de outubro de 2005 e publicada no BOP nº 287 de 17/12/05, entrando en vigor o 1 de xaneiro de 2006.
- 4.- Pleno da Corporación en sesión de 9 de novembro de 2006 e publicada no BOP nº 297 de 29/12/06, entrando en vigor o 1 de xaneiro de 2007.
- 5.- Pleno da Corporación en sesión de 13 de setembro de 2007 e publicada no BOP nº 265 de 16 de novembro de 2007, entrando en vigor o 1 de xaneiro de 2008.
- 6.- Pleno da Corporación de 13/11/2008 e publicada no BOP nº 296 de 26/12/2008, entrando en vigor o 1 de xaneiro de 2009
- 7.- Pleno da Corporación de 12/11/2009 e publicada no BOP nº 274 de 31/12/2009 e corrección de erros BOP Nº 11 de 19 de xaneiro de 2010

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Concello de Boiro

Asdo./

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Concello de Boiro

Ordenanza Fiscal nº 19 .-ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO ESTACIONAMENTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA EN RECINTOS DE TITULARIDADE OU EXPLOTACIÓN MUNICIPAL

ARTIGO 1º.- FUNDAMENTO E NATUREZA.-

No uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, o Concello de Boiro establece a **TAXA POLO ESTACIONAMENTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA EN RECINTOS DE TITULARIDADE OU EXPLOTACIÓN MUNICIPAL**, que se rexirá pola presente Ordenanza Fiscal, onde as súas normas atenden ó previsto no artigo 57 da Lei 39/88 en relación co disposto nos artigos 20 a 27.

ARTIGO 2º.- FEITO IMPOÑIBLE .-

De acordo co previsto nos artigos 57 e 20.1), 20.3.u) e 20.4.f) da Lei 39/88, de 28 de decembro, Lei Reguladora das Facendas Locais, constitúe o feito imponible da taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local polo estacionamento de vehículos de tracción mecánica en recintos de titularidade ou explotación municipal así como a vixiancia especial do recinto no que se estacione.

ARTIGO 3º.- SUXEITO PASIVO.-

Serán suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, e as Entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que disfruten, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular dos aproveitamentos regulados nesta ordenanza.

ARTIGO 4º.-COTA TRIBUTARIA E TARIFAS.-

EPÍGRAFE 1º: APARCAMENTO ROTATORIO E TEMPORAL	
1.1. PRIMEIRA HORA DE ESTACIONAMENTO ROTATORIO.-	
Durante a primeira hora de estacionamento, a cota tributaria será a resultante de multiplica-lo tempo de estacionamento, medido en minutos efectivamente consumidos ou utilizados, pola seguinte tarifa:	0,011 €/minuto
1.2. SEGUNDA HORA DE ESTACIONAMENTO ROTATORIO E SEGUINTE.-	
A cota tributaria será a resultante de multiplica-lo tempo de estacionamento, medido en minutos efectivamente consumidos ou utilizados, pola seguinte tarifa:	0,017

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Concello de Boiro

EPÍGRAFE 2º: ALUGUER MENSUAL PRAZAS:	
Motocicletas e similares:	19,97
Resto de vehículos:	39,92
EPÍGRAFE 3º.-PERDA OU EXTRAVÍO DO TICKET APARCADOIRO:	
A cota tributaria será a resultante de aplicar as tarifas sinaladas no apartado 1.1 e 1.2 tendo en conta o momento temporal na que se pretende a retirada do vehículo do aparcadoiro municipal, de tal xeito que quedarían as seguintes tarifas	
Tramo horario de retirada do vehículo por perda ou extravío ticket	
Entre as 7:00 horas ou hora de apertura ata as 10:00 horas	2,81
Entre as 10:01 horas ata as 13:00 horas	6,00
Entre as 13:01 horas ata as 16:00 h.	9,19
Entre as 16:01 horas ata as 19:00 h.	12,39
Entre as 19:01 horas ata as 22:00 h.	15,57
Entre as 22:01 horas ata as 00:00 h.ou horario de peche)	17,70
EPÍGRAFE 4º.-BONOS MENSUAIS	
O custo mensual dos bonos será de:	32,42
As condicións do seu uso regularanse pola Xunta de Goberno.	

ARTIGO 5º.- DEVENGO. RÉXIME DE XESTION, DECLARACIÓN E INGRESO.-

1.- Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuir cuando os suxeitos pasivos desta taxa accedan ós recintos dos vehículos para proceder ó seu estacionamento e a obriga de pagamento xorde no momento da saída do vehículo do recinto de titularidade municipal, entregándolle ó pagador recibo ou xustificante.

2.- No caso do alugamento de prazas de aparcamento a taxa devéngase no momento de obter a perceptiva autorización polo órgano competente, establecéndose o devengo mensual e a liquidación trimestral das cotas. Unha vez notificada a primeira alta, os suxeitos pasivos serán incorporados de oficio a un Padrón Fiscal, notificándose de xeito colectivo mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia. As cotas devengadas e non satisfeitas en período voluntario de cobranza esixiranse polo procedemento de constrinximento.

3.- Será a Xunta de Goberno Local o órgano competente, tanto para decidir que prazas de aparcamento se someterán ó réxime de aluguer mensual así como para o establecemento do procedemento e a súa adxudicación. A renuncia ó aluguer deberá realizarse mediante escrito presentado no Rexistro do Concello cunha antelación mínima de 1 mes, debendo deposita-la

Concello de Boiro



Concello de Boiro

chave ou mando na Secretaria deste Concello.

4.- Prevese a posibilidade de establecer convenios cos establecementos comerciais da zona ós efectos de que estos asuman parte da taxa do estacionamento para seus clientes. O procedemento, a aprobación do Convenio e demais requisitos serán aprobados na Xunta de Goberno Local.

ARTIGO 6º. EXENCIÓNS.-

Estarán exentos do pagamento desta taxa os vehículos de titularidade municipal e os pertencentes a outras administracións públicas sempre que, no momento do devengo, se estea prestando un servizo público.

DISPOSICIÓN FINAL.- A presente Ordenanza Fiscal foi aprobada inicialmente polo Concello-Pleno en Sesión celebrada o día 01/07/04. entrando en vigor no momento da súa publicación, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

DILIXENCIA.- A presente Ordenanza foi modificada por:

1.- Pleno da Corporación en sesión celebrada o 11 de novembro de 2004, foi publicada no BOP Nº 300 de data 31/12/04, entrando en vigor o día 1 de xaneiro de 2005,

2.- Pleno da Corporación en sesión de 10 de outubro de 2005 e publicada no BOP nº 287 de 17/12/05, entrando en vigor o 1 de xaneiro de 2006.

3.- Pleno da Corporación en sesión de 9 de novembro de 2006 e publicada no BOP nº 297 de 29/12/06, entrando en vigor o 1 de xaneiro de 2007.

4.- Pleno da Corporación en sesión de 13 de setembro de 2007 e publicada no BOP nº 265 de 16 de novembro de 2007, entrando en vigor o 1 de xaneiro de 2008.

5.- Pleno da Corporación de 13/11/2008 e publicada no BOP nº 296 de 26/12/2008, entrando en vigor o 1 de xaneiro de 2009.

6.- Pleno da Corporación de 12/11/2009 e publicada no BOP nº 274 de 31/12/2009 e corrección de erros BOP Nº 11 de 19 de xaneiro de 2010

Asdo.



Concello de Boiro

Ordenanza Fiscal nº 20 .- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON MERCADORÍAS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN, VALOS, PUNTAIS, ANDAMIOS, E OUTROS MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN.

ARTIGO 1.- Fundamento e natureza.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 abril , reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este concello establece a Taxa pola ocupación de terreos de uso público con mercadorías, materiais de construción, cascallos, valos, puntais, andamios e outros materiais, especificados nas tarifas contidas no artigo 6 seguinte, que se rexerá pola presente Ordenanza, que nas súas normas atende ó previsto no artigo 57 do citado RDL.

ARTIGO 2.- Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa regulada nesta Ordenanza a utilización privativa e aproveitamento especial dos terreos de uso público con mercadorías, materiais de construción, cascallos, valos, puntais, e outras instalacións análogas.

ARTIGO 3.- Suxeito pasivo.

Serán suxeitos pasivos na taxa regulada nesta ordenanza as persoas físicas e xurídicas, e as entidades as que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, no favor de quen se outorguen as licencias ou quen se beneficie do aproveitamento se carecese da oportuna autorización.

ARTIGO 4.- Responsables.

Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas ás que se refiren os artigos 38 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5.- Cota tributaria.

A cota tributaria da taxa regulada nesta Ordenanza será a fixada nas tarifas contidas no artigo seguinte.

ARTIGO 6.- Tarifas.

As tarifas ás que se refire o artigo anterior serán as seguintes:



Concello de Boiro

A)	Ocupación da vía pública con cascallos, terras, areas, materiais de construción, mercadorías, etc., por m2 ou fracción e día :	0,45
B)	Ocupación da vía pública con valos, andamios ou calquera outras instalacións adecuadas, por m2 ou fracción e día	0,37
C)	Ocupación da vía pública que supoña corte total da estrada (ocupación de ambos carrís de circulación), por metro ou fracción lineal e hora	0,14
D)	Ocupación da vía pública que supoña corte parcial da estrada, (ocupación de 1 carril), por metro ou fracción lineal e día	2,22

ARTIGO 7.- Devengo

Devéngase a taxa e nace a obrigaón de contribuir :

- a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos da vía pública, no momento de obter a correspondente licenza municipal.
- b) Tratándose de aproveitamentos xa existentes, dende o primeiro día de cada un dos períodos naturais de tempo sinalados na tarifa.

ARTIGO 8.- Declaración.

1.- As cantidades esixibles conforme ás tarifas liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado, e serán irreducibles polos períodos de tempo sinalados nos respectivos epígrafes.

2.- As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta Ordenanza deberán solicitar previamente a correspondente licenza.

3.- Unha vez autorizada a ocupación, se non se determinou con exactitude a duración do aproveitamento, entenderase prorrogado ata que se presente a declaración de baixa polos interesados.

4.- A presentación da baixa surtirá efectos dende o día primeiro do período natural de tempo seguinte ó sinalado nos epígrafes da tarifa. A non presentación de baixa determinará a obrigaón de continuar aboando a taxa.

5.- De conformidade co previsto no artigo 24.5 do RDL 2/2004, de 5 de marzo (TRLRFL), cando con ocasión dos aproveitamentos regulados nesta Ordenanza se producen desperfectos no pavimento ou instalacións da vía pública, os titulares das licencias ou os beneficiarios do aproveitamento virán suxeitos ó reintegro total dos gastos de reconstrución e reparación de tales desperfectos ou repararán pola súa conta os danos causados, sendo en todo caso independentes dos dereitos liquidados polos aproveitamentos realizados.

ARTIGO 9.- Liquidación e ingreso.

Concello de Boiro



Concello de Boiro

1.- De conformidade co previsto no artigo 26.1.a) do TRLRFL e co fin de garantir en todo caso os dereitos da administración, toda solicitude de licencia para que poida ser admitida a trámite deberá acompañarse dun xustificante do depósito previo desta taxa na tesourería municipal, calculado segundo os datos formulados polo interesado.

2.- O depósito provisional non causará dereito ningún e non faculta para realiza-la ocupación, que só poderán levarse a cabo cando se obteña a licencia.

3.- A liquidación, practicada conforme as normas anteriores, elevarase a definitiva unha vez concedida a licencia, e se esta fose denegada o interesado poderá insta-la devolución dos dereitos pagados.

4.- As cotas liquidadas e non satisfeitas en período voluntario de cobranza, esixiranse polo procedemento de constrinximento.

ARTIGO 10.- Infraccións e sancións.

En todo o relativo a calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL.- A presente Ordenanza fiscal, aprobada polo pleno do Concello en sesión de data 21 de decembro de 2000, entrará en vigor no mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2001, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

DILIXENCIA.-

1.- Dita ordenanza foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de data trinta de decembro de dous mil (30/12/00).

2.- A presente Ordenanza foi modificada por:

1. Pleno da Corporación en sesión celebrada o 07/11/02 e publicada no BOP nº 261 e nº 298 de datas 14/11/02 e 30/12/02 respectivamente, e será de aplicación a partir do 01.01.03, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.
2. Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 11 de novembro de 2003, publicada no BOP nº 299 de data 31/12/2003, e será de aplicación a partir do 01.01.04, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.
3. Pleno da Corporación en sesión celebrada o 11 de novembro de 2004, foi publicada no BOP Nº 300 de data 31/12/04, entrando en vigor o día 1 de xaneiro de 2005.
4. Pleno da Corporación en sesión de 10 de outubro de 2005 e publicada no BOP nº 287 de 17/12/05, entrando en vigor o 1 de xaneiro de 2006.

Concello de Boiro



Concello de Boiro

5. Pleno da Corporación en sesión de 9 de novembro de 2006 e publicada no BOP nº 297 de 29/12/06, entrando en vigor o 1 de xaneiro de 2007.
6. Pleno da Corporación en sesión de 13 de setembro de 2007 e publicada no BOP nº 265 de 16 de novembro de 2007, entrando en vigor o 1 de xaneiro de 2008.
7. Pleno da Corporación de 13/11/2008 e publicada no BOP nº 296 de 26/12/2008, entrando en vigor o 1 de xaneiro de 2009.
8. Pleno da Corporación de 12/11/2009 e publicada no BOP nº 274 de 31/12/2009 e corrección de erros BOP nº ____ xaneiro de 2010

Asdo. / .



Concello de Boiro

ORDENANZA FISCAL Nº 21 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Artigo 1º. Fundamento e natureza

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade co disposto nos artigos do 41 a 47 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo , este Concello establece o prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar.

Artigo 2º. Concepto

É obxecto desta Ordenanza a prestación do servizo de axuda no fogar ordinario e do servizo de axuda no fogar a persoas en situación de dependencia recoñecida pola Xunta de Galicia e que no Programa Individualizado de Atención de recursos teñan o SAF como recurso asignado ou como respiro complementario de outro recurso e/ou prestación.

Artigo 3º. Obrigados ao pagamento

Están obrigadas ao pagamento do prezo público regulado na presente Ordenanza os seguintes:

A) As persoas recoñecidas como dependentes ao abeiro da Lei 39/2006 de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en situación de dependencia, e teñan resolución do Plan Individualizado de Atención (PIA) no que se lle recoñeza o citado servizo (calquera que sexa a modalidade do mesmo) sexan dadas de alta no servizo municipal dacordo co estipulado no Regulamento específico de funcionamento.

B) As persoas que accedan ao servizo de axuda no fogar por libre concorrencia e que sexan dadas de alta no servizo municipal dacordo co estipulado no Regulamento específico de funcionamento.

Se o/a beneficiario/a carecera da capacidade para obrar, dita obriga recaerá sobre quen ostente a súa representación legal ou, no seu caso, sobre quen exerza de feito o seu coidado.

Artigo 4º. Contía a pagar.

Os criterios de participación no financiamento do SAF polos obrigados ao seu pagamento será:

1.- Para aquelas persoas usuarias dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, aplicarase a seguinte táboa, na que se expresa o copago en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

CAPACIDADE ECONOMICA (REFERENCIADA AO IPREM)	GRAO I (20 horas)	GRAO II (21-45 horas)	GRAO III (46-70 horas)
ATA:			
	<= 20 h	<=45 h	<=70 h

Concello de Boiro



Concello de Boiro

100 ,00%	0,0 %	0,0 %	0,0 %
115,00 %	4,52 %	9,61 %	14,70 %
125,00 %	5,41 %	11,50 %	17,58 %
150,00 %	5,55 %	11,79 %	18,03 %
175 ,00%	5,65 %	12,00 %	18,35 %
200,00 %	5,72 %	12,16 %	18,60 %
215,00 %	5,81 %	12,34 %	18,87 %
250,00 %	6,03 %	12,82 %	19,61 %
300,00 %	6,24 %	13,26 %	20,29 %
350,00 %	6,42 %	13,63 %	20,85 %
400,00%	6,54 %	13,90 %	21,25 %
450,00 %	6,63 %	14,09 %	21,55 %
500,00 %	6,70 %	14,25 %	21,79 %
>500 %	6,76 %	14,36 %	21,97 %

2.-Para as persoas que non teñen o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia segundo o calendario de implantación que establece a Lei 39/2006:

Capacidade económica	Participación no custe de servizo de SAF básico
Menor do 0,80 do IPREM	0
Maior do 0,80 do IPREM e menor ou igual a 1,50 IPREM	10%
Maior de 1,50 e menor ou igual a 2 IPREM	20%
Maior de 2 e menor ou igual a 2,5IPREM	40%
Maior de 2,5 IPREM	60%

Concello de Boiro



Concello de Boiro

3.- Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa usuaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA , ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo, as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores a cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao correspondente, a cantidade a pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

4.- En ningún caso o importe da participación económica a ingresar pola persoa usuaria no concepto de participación no custo do servizo poderá exceder o 90% do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.

5.- No caso de que a entidade local asuma tamén a prestación, a persoas dependentes valoradas con dereito de atención, das atencións e servizos complementarios do nivel básico do servizo de axuda no fogar regulados no artigo 14.2 do decreto 149/2013, do 5 de setembro, a efectos de facer efectiva a obriga de participar no custo do servizo por parte das persoas usuarias, aplicará a seguinte táboa, na que se expresa a súa participación en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade e do tipo de atención ou servizo asignado:

% Capacidade económica (referencia ao IPREM)	GRAO I			GRAO II			GRAO III	
	ADAPTACIÓNS FUNCIONAIS DO FOGAR, PODOLOXÍA, FISIOTERAPIA	ACTIVIDADES DE ACOMPAÑAMENTO, SOCIALIZACIÓN E DESARROLLO HÁBITOS SAUDABLES	SERVIZO DE PRESTAMO DE AXUDAS TÉCNICAS	ADAPTACIÓNS FUNCIONAIS DO FOGAR, PODOLOXÍA, FISIOTERAPIA	ACTIVIDADES DE ACOMPAÑAMENTO, SOCIALIZACIÓN E DESARROLLO HÁBITOS SAUDABLES	SERVIZO DE PRESTAMO DE AXUDAS TÉCNICAS	ADAPTACIÓNS FUNCIONAIS DO FOGAR, PODOLOXÍA, FISIOTERAPIA	ACTIVIDADES DE ACOMPAÑAMENTO, SOCIALIZACIÓN E DESARROLLO HÁBITOS SAUDABLES
Ata:								
<=15	<=28			<=45				
100,00%	0,0 %	12,87 %	13,76%	0,0%	22,73%	24,29%	0,0 %	35,51%
115,00%	5,98%	13,10%	14,00%	10,56%	23,12%	24,71%	16,50%	36,13%
125,00%	7,15%	13,39%	14,31%	12,63%	23,64%	25,26%	19,73%	36,94%
150,00%	7,34%	13,52%	14,44%	12,95%	23,87%	25,50%	20,24%	37,29%
175,00%	7,47%	13,61%	14,54%	13,18%	24,03%	25,67%	20,60%	37,54%
200,00%	7,57%	13,76%	14,70%	13,36%	24,29%	25,96%	20,87%	37,96%
215,00%	7,68%	13,83%	14,78%	13,56%	24,42%	26,09%	21,18%	38,16%
250,00%	7,98%	13,96%	14,91%	14,09%	24,64%	26,33%	22,01%	38,50%

Concello de Boiro



Concello de Boiro

300,00%	8,25%	14,06%	15,02%	14,57%	24,82%	26,52%	22,77%	38,78%
350,00%	8,48%	14,16%	15,13%	14,98%	25,00%	26,72%	23,40%	39,07%
400,00%	8,65%	14,35%	15,33%	15,27%	25,33%	27,06%	23,85%	39,57%
>400,00%	8,77%	14,48%	15,48%	15,48%	25,57%	27,32%	24,19%	39,95%

5.- Para a determinación da capacidade económica da persoa usuaria, terase en conta a situación económica acreditada polo/a interesado/a na documentación presentada para a iniciación do procedemento do grao de dependencia, dacordo co establecido no artigo 21 do Decreto 15/2010, de 4 de febreiro. A estes efectos, si a persoa usuaria se atopa no suposto previsto no artigo 16.3 do Decreto 149/2013, de 5 de setembro, a esixencia do requisito de presentación de declaración do imposto da renda das persoas físicas será substituída pola presentación de certificación actualizada da percepción de pensións, prestacións ou subsidios públicos das que sexa beneficiaria.

6.- A capacidade económica da persoa usuaria será determinada na resolución do programa individual de atención que, de acordo co previsto no artigo 38.2 do Decreto 15/2010, de 4 de febreiro, incluírá un pronunciamento expreso sobre a participación do usuario/a no custo do servizo.

Artigo 5º. Exencións e bonificacións

Non poderán recoñecerse respecto a esta regulación beneficios fiscais que os expresamente previstos en normas con rango de Lei ou derivados da aplicación de tratados internacionais, nos termos establecidos no artigo 9 do texto refundido da lei reguladora de facendas locais.

Artigo 6º. Obriga de pago

A obriga do pagamento nace dende o día en que se inicie a prestación do servizo

Artigo 7º. Normas de xestión

1. Unha vez aprobada a alta no servizo, e iniciada a prestación efectiva do mesmo, aprobarase a liquidación de alta en el servizo que corresponda, na que constarán os datos precisos para a determinación do importe correspondente á mensuralidade que se indique nela.

2. O Departamento de Servizos Sociais dentro dos 5 primeiros días de cada mes, elaborará as liquidacións do período correspondente ao mes inmediato anterior, que serán elevadas ao órgano competente para a súa aprobación.

Disposición derogatoria

Queda derogada a actual Ordenanza reguladora do prezo público do servizo de axuda no fogar aprobada polo Pleno do Concello o 15 de xullo de 2010.



Concello de Boiro

Disposición final.-

-A presente Ordenanza foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de 15 de novembro de 2012 e publicada no BOP nº _____ de data _____.

-Foi modificada por acordo do Pleno de 8 de maio de 2014 e publicada no BOP nº 123 de 1 de xullo de 2014



Concello de Boiro

Ordenanza nº 22 .-ORDENANZA XERAL DAS CONTRIBUCIÓNS ESPECIAIS

CAPITULO I

ARTIGO 1º.-

1.- O feito imponible das Contribucións especiais estará constituído pola obtención polo suxeito pasivo dun beneficio ou dun aumento de valor dos seus bens como consecuencia da realización de servizos públicos de carácter municipal por este Concello.

2.- As contribucións especiais fundamentaranse na mera realización das obras ou no establecemento ou ampliación dos servizos a que se refire o apartado anterior e exacción será independente do feito de que polos suxeitos pasivos sexan utilizadas efectivamente unha ou outras.

ARTIGO 2º.-

1.- Ós efectos do disposto no artigo precedente terá a consideración de obras de servizo municipais os seguintes:

a) Os que dentro do ámbito da súa competencia realice ou estableza o concello para atender ós fines que lle están atribuídos. Exclúense as obras realizadas polo mesmo a título de propietario dos seus bens patrimoniais.

b) Os que realicen ou establezan por outras Entidades Públicas, así como aqueles que a súa titularidade, conforme á Lei, houbese asumido.

c) Os que realicen ou establezan por outras Entidades Públicas ou polos concesionarios destas con aportacións económicas deste Concello.

2.- As obras e servizos a que refire a letra a) do apartado anterior conservarán o seu carácter municipal aínda cando fosen realizados ou establecidos por:

a) Organismos Autónomos Municipais ou Sociedades Mercantis en que o seu capital social fose este Concello o único titular.

b) Concesionarios con aportacións deste Concello.

c) Asociacións de contribuíntes.

3.- As contribucións Especiais Municipais son tributos de carácter finalista e o produto da súa recadación destinarase, integramente, a sufraga-los gastos da obra ou do establecemento ou ampliación do servizo que por súa razón houberen establecidas e esixidas



Concello de Boiro

ARTIGO 3º.-

O concello poderá potestativamente acordar a imposición e ordenación de Contribucións especiais, sempre que se den as circunstancias conformadoras do feito impositivo establecidas no Art. 1º da presente Ordenanza Xeral.

- a) Pola apertura de rúas e prazas e a primeira pavimentación das calzadas.
- b) Pola primeira instalación, renovación e substitución de redes de distribución da auga de redes de sumidoiros e desaugues de augas residuais.
- c) Polo establecemento e substitución do alumeadado público e por instalación de redes de distribución de enerxía eléctrica.
- d) Polo ensanchamento e novas alineacións das rúas e prazas xa abertas e pavimentadas, así como a modificación das rasants.
- e) Pola substitución de calzadas, aceras, absorbedeiros e bocas de rego das vías públicas urbanas.
- f) Polo establecemento e ampliación do servizo de extinción de incendios.
- g) Pola construción de embalses, canais e outras obras para a irrigación de fincas.
- h) Pola realización de obras de captación, embalse, depósito, conducción e depuración de augas para o abastecemento.
- i) Pola construción de estacións depuradoras de augas residuais e colectores xerais.
- j) Pola plantación de arborado en rúas e prazas, así como pola construción e ampliación de parques e xardíns que sexan de interese para un determinado barrio, zona ou sector.
- k) Polo desmonte, terraplenado e construción de muros de contención.
- l) Pola realización de obras de desecación e saneamento e de defensa de terreos contra avenidas e inundacións, así como a regulación e desviación de cursos de augas.
- m) Pola construción de galerías subterráneas para o aloxamento de redes e tuberías de distribución de auga, gas e electricidade, así como para que sexan utilizadas por redes de servizos de comunicación e información.
- n) Pola realización ou o establecemento ou ampliación de calqueira outra obra ou servizo Municipal.

C A P Í T U L O I I

Exencións e Bonificacións

ARTIGO 4º.-

1.- Non recoñecerán en materia de Contribucións especiais outras bonificacións fiscais que o que veñan establecidos por disposicións con rango de Lei ou por tratados ou Convenios Internacionais.

2.- Quenes nos casos a que se refire o apartado anterior se consideran con dereito a un beneficio fiscal farano constar ante o concello con expresa mención do precepto en que consideren amparado o seu dereito.

3.- Cando se recoñezan beneficios fiscais nas Contribucións especiais municipais nas cuotas que puidesen corresponder ós beneficiarios ou no seu caso, o importe das bonificacións non poderán ser obxecto de distribución entre os demais suxeitos pasivos.

Suxeitos pasivos

Concello de Boiro



Concello de Boiro

ARTIGO 5º.-

1.- Terán consideración de suxeitos pasivos das contribucións especiais municipais as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria especialmente beneficiadas pola realización de obras ou polo establecemento ou ampliación dos servizos municipais que orixinen a obriga de contribuir.

2.- Ós efectos do disposto no apartado anterior consideraranse poersonas especialmente beneficiadas.

a) Nas Contribucións especiais por realización de obras ou establecementos ou ampliación de servizos que afecten a bens inmoables, os propietarios dos mesmos.

b) Nas Contribucións especiais por realización de obras ou establecementos ou ampliación de servizos a consecuencia de explotacións empresariais, as persoas ou Entidades titulares destas.

c) Nas contribucións especiais polo establecemento ou ampliación dos servizos de extinción de incendios, ademáis dos propietarios dos bens afectados, as compañías de seguros que desenrolen a súa actividade no ramo, no término deste Concello.

d) Nas Contribucións especiais por construción de galerías subterráneas, as Empresas suministradoras que deban utilizalas.

ARTIGO 6º.-

1.- Sen perxuízo, no seu caso, do disposto no apartado 3 do artigo 11 da presente Ordenanza Xeral, as contribucións especiais recaerán directamente sobre as persoas naturais ou xurídicas que aparezan no Rexistro da Propiedade, como donas ou poseedoras dos bens inmoables ou no Rexistro Mercantil ou na matrícula do Imposto sobre Actividades Económicas, como titulares das explotacións ou negocios afectados polas obras ou servizos, na data da terminación de aquelas ou na de comezo da prestación destes.

2.- Nos casos de réxime de propiedade horizontal, a representación da Comunidade de Propietarios facilitará á Administración municipal o nome dos copropietarios e o seu coeficiente de participación na Comunidade, a fin de proceder ó xiro das cuotas individuais. De non facerse así, entenderase aceptado o que se xire unha única cuota, e da súa distribución ocuparase a propia Comunidade.

C A P Í T U L O I V

Base Imponible

Artigo 7º

1.- A base imponible das Contribucións especiais está constituída, como máximo, polo 90 por 100 do coste que o Municipio soporte pola realización das obras ou polo establecemento ou ampliación de servizos.

2.- O referido coste estará integrado polos seguintes conceptos:

a) O coste real dos traballos periciais, de redacción de proxectos e de dirección de obras, plante e programe técnicos.

b) O importe das obras a realizar ou dos traballos de establecemento ou ampliación de servizos.

Concello de Boiro



Concello de Boiro

c) O valor dos terreos que houbesen de ocupar permanentemente as obras ou servizos, salvo que se trate de bens de uso público, de terreos cedidos gratuíta e obrigatoriamente ó Concello, ou o de inmobles cedidos nos términos establecidos no Artigo 77 da Lei do Patrimonio do Estado.

d) As indemnizacións procedentes polo derribo de construcións, destrución de plantacións, obras ou instalacións, así como as que deban aboarse ós arrendatarios dos bens que haxan de ser derruidos ou ocupados.

e) O interese do capital invertido nas obras ou servizos cando o Concello houbera de apelar ó crédito para financiar a porción non cuberta por contribucións especiais ou a cuberta por estas e caso de fraccionamento xeral das mesmas.

3.- O coste total presupostado das obras ou servizos terá carácter de primeira previsión. Se o coste real fose maior ou menor que o previsto, tomarase aquel a efectos de cálculo das cuotas correspondentes.

4.- Cando se trate de obras ou servizos a que se refire o Art. 2º, 1.c) da presente Ordenanza, ou das realizadas por concesionarios con aportacións do Concello a que se refire o apartado 2.b) do mesmo artigo, a base impositiva das Contribucións, sin perxuício das que se poidan impoñer outras Administracións Públicas por razón da mesma obra ou servizo. En todo caso, respetarase o límite do 90 por 100 a que se refire o apartado primeiro deste artigo.

5.- Ós efectos de determinar a base impositiva, entenderase por coste soportado polo Concello a cuantía resultante de resta-la cifra do coste total o importe das subvencións ou auxilios que a Entidade local obteñan do Estado ou de calquera outra persoa ou Entidade pública ou privada. Exceptúase o caso de que a persoa ou Entidade aportante da subvención ou auxilio teña a condición de suxeito pasivo, caso no cal se procederá de conformidade co apartado 2 do artigo 9º da presente Ordenanza Xeral.

CAPITULO V

Cota tributaria

ARTIGO 9º.-

1.- A base impositiva das Contribucións especiais repartiranse entre os suxeitos pasivos, tendo en conta a clase e natureza das obras e servizos, con suxeición as seguintes regras:

a.- Con carácter xeral, aplicaranse conxunta ou separadamente, como módulos de reparto, os metros lineais da fachada dos inmobles, a súa superficie, o volume edificable dos mesmos e o valor catastral do Imposto sobre Bens Inmobles.

b.- Si se trata do establecemento e mellora do servizo de extinción de incendios, poderán ser distribuídas entre as Entidades ou Sociedades que cubran o risco por bens sitos neste Concello, proporcionalmente ó importe das primas recaudadas no ano inmediatamente anterior. Si a cota exisíble a cada suxeito pasivo fora superior ó 5 por 100 do importe das primas recaudadas polo mesmo, o exceso trasladarase os exercicios sucesivos ata a súa total amortización.

c.- No caso das obras as que se refire o artigo 3º.m da presente Ordenanza Xeral, o Importe total da Contribución especial será distribuído entre as compañías ou empresas que vaian utilizalas en razón do espazo reservado a cada unha ou en proporción á total sección das mesmas, aínda cando non as usen inmediatamente.

Concello de Boiro



Concello de Boiro

2.- No caso de que se outorgase para a realización das obras ou o establecemento ou ampliación dos servizos municipais unha subvención ou auxilio económico por quen tivese a condición de suxeito pasivo das Contribucións especiais que se exaccionasen por tal razón, o importe de dita subvención ou auxilio destinarase, primeiramente, a compensar a cota da respectiva persoa ou entidade. O exceso, si houberse, aplicarase a reducir, a prorrata, a cota dos restantes suxeitos pasivos.

ARTIGO 10º.-

1.- En toda clase de obras cando á diferenza de coste por unidade nos diversos traxectos, tramos ou seccións das obras ou servizos non corresponda análoga diferenza no grao utilidade ou beneficio para os interesados, tódalas partes do plan correspondente serán consideradas en conxunto ós efectos do reparto, e, na súa consecuencia, para a determinación das cotas individuais non se atenderá soamente ó coste especial do tramo ou sección que inmediatamente afecte a cada contribuínte.

2.- No caso de que o importe total das contribucións especiais repartírase tendo en conta os metros lineais de fachada dos inmobles, entenderanse por leiras con fachada á vía pública non só as edificadas en coincidencia coa aliñación exterior da mazá, senón tamén as construídas en bloques illados calquera que fora a súa situación respecto á vía pública que delimite aquela mazá e sexa obxecto da obra; en consecuencia, a lonxitude da fachada medirase, en tales casos, pola do terreo da leira, independentemente das circunstancias da edificación, retranqueo, patios abertos, zoas de xardín ou espazos libres.

3.- Cando o encontro de dúas fachadas estea formado por un chafrán ou únense en curva, consideranse a efectos da medición da lonxitude da fachada a metade da lonxitude do chafrán ou a metade do desenvolvemento da curva, que sumaránse ás lonxitudes das fachadas inmediatas.

CAPITULO VI

Devengo

ARTIGO 11º.-

1.- As contribucións especiais devenganse no momento no que as obras foran executadas ou o servizo comenzara a prestarse. Si as obras fosen fraccionadas, o devengo producirase para cada un dos suxeitos pasivos desde que foran executadas as correspondentes a cada tramo ou fracción da obra.

2.- Sin perxuízo do disposto no apartado anterior, unha vez aprobado o acordo concreto de imposición e ordenación, o Concello poderá esixir por anticipado o pago das Contribucións especiais en función do importe do coste previsto para o ano seguinte. Non poderá esixirse o anticipo dunha nova anualidade sin que foran executadas as obras para as cales esixeuse o correspondente anticipo.

3.- O momento do devengo das contribucións especiais terase en conta ós efectos de determinar a persoa obrigada ó pago de conformidade co disposto no artigo 5º da presente Ordenanza Xeral, aínda cando no acordo concreto de ordenación figure como suxeito pasivo quen o sexa con referencia á data da súa aprobación e de que o mesmo anticipase o pago de cotas, de conformidade co disposto no apartado 2 do presente artigo . cando a persoa que figure como suxeito pasivo no acordo concreto de ordenación e fose notificado delo, transmita os dereitos sobre os bens ou explotacións que motivan a exposición no período comprendido entre a aprobación de dito acordo e o do nacemento do devengo, estará obrigada a dar conta á Administración Municipal da transmisión efectuada, dentro do prazo dun mes desde a data desta, e, si non o fixera, dita Administración poderá dirixir a acción para o cobro contra quen figuraba como suxeito pasivo en dito expediente.

Concello de Boiro



Concello de Boiro

4.- Unha vez finalizada a realización total ou parcial das obras ou iniciada a prestación do servizo, procederase a sinalar os suxeitos pasivos, a base e cotas individualizadas definitivas, xirando as liquidacións que procedan e compensando como entrega a conta os pagos anticipados que se efectuaran. Tal sinalamento definitivo realizarase polos Organos competentes do Concello axustándose ás normas do acordo concreto de ordenación do tributo para a obra ou servizo de que se trate.

5.- Si os pagos anticipados foran efectuados por persoa que non ten condición de suxeito pasivo na data do devengo do tributo ou ben excederan da cota individual definitiva que lles corresponda, o Concello practicará de oficio a pertinente devolución.

CAPITULO VII

Xestión, liquidación, inspección e recadación

ARTIGO 12º.-

A xestión, liquidación, inspección e recadación das Contribucións especiais realizaránse na forma, prazos e condicións que se establezan na Lei Xeral Tributaria e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións dictadas para seu desenvolvemento.

ARTIGO 13º.-

1.- Unha vez determinada a cota a satisfacer, o Concello poderá conceder, a solicitude do contribuínte, o fraccionamento ou aprazamento de aquela por prazo máximo de cinco anos, debendo garantirse o pago da débeda tributaria, que incluírá o pago do importe do xuro de demora nas cantidades aprazadas, mediante hipoteca, sinal, aval bancario ou outra garantía suficiente a satisfacción da Corporación.

2.- A concesión do fraccionamento ou aprazamento implicará a conformidade do solicitante co importe total da cota tributaria que lle corresponda.

3.- A falta de pago dará lugar á perda do beneficio de fraccionamento, con expedición de certificación de descuberto pola parte pendente de pago, recargas e xuros correspondentes.

4.- En calquer momento o contribuínte poderá renunciar ós beneficios de aprazamento ou fraccionamento, mediante ingreso da cota ou da parte da mesma pendente de pago así como dos xuros vencidos cancelándose a garantía constituída.

5.- De conformidade coas condicións socio-económicas da zona na que se executen as obras, a súa natureza e cadro de amortización, o coste, a base liquidable e o importe das cotas individuais, o Concello poderá acordar de oficio o pago fraccionado con carácter xeral para tódolos contribuíntes, sin perxuízo de que eles mesmos poidan en calquera momento anticipar os pagos que consideren oportunos.

CAPITULO VIII

Imposición e ordenación

ARTIGO 14º.-

Concello de Boiro



Concello de Boiro

1.- A exacción das Contribucións especiais precisará a previa adopción polo Concello do acordo de imposición en cada caso concreto.

2.- O acordo relativo á realización dunha obra ou ó establecemento ou ampliación dun servizo que deba costearse mediante Contribucións especiais non poderá executarse ata que teña aprobada a ordenación concreta destas.

3.- O acordo de ordenación ou Ordenanza reguladora será de inescusable adopción e conterá a determinación do coste previo das obras e servizos, da cantidade a repartir entre os beneficiarios e dos criterios de reparto. O acordo de ordenación concreto ou Ordenanza reguladora remitirase nas demais cuestións á presente Ordenanza Xeral de Contribucións especiais.

4.- Unha vez adoptado o acordo concreto de ordenación de Contribucións especiais, e determinadas as cotas a satisfacer, éstas serán notificadas individualmente a cada suxeito pasivo si éste ou seu domicilio fosen coñecidos, e, no seu defecto, por edictos. Os interesados poderán formular recurso de reposición ante o Concello, que poderá versar sobre a procedencia das Contribucións especiais, a porcentaxe do coste que deban satisfacer as persoas especialmente beneficiadas ou as cotas asignadas.

ARTIGO 15º.-

1.- Cando este Concello colabore con outra Entidade local na realización das obras ou establecemento ou ampliación de servizos e sempre que se impoñan Contribucións especiais, observaranse as seguintes regras:

a.- Cada Entidade conservará as súas competencias respectivas en orden ós acordos de imposición e ordenación concretos.

b.- Si algunha das Entidades realizara as obras ou estableceuse ou ampliase os servizos coa colaboración económica da outra, corresponderá á primeira a xestión e recadación da Contribución especial, sin perxuízo do disposto na letra a) anterior.

2.- No suposto de que o acordo concreto de ordenación non fora aprobado por unha de ditas Entidades, quedará sin efecto a unidade de actuación, adoptando separadamente cada unha delas as decisións que procedan.

CAPITULO IX

Colaboración cidadán

ARTIGO 16º.-

1.- Os propietarios ou titulares afectados polas obras poderán constituírse en Asociación administrativa de contribuíntes e promover a realización de obras ou o establecemento ou ampliación de servizos polo Concello, comprometéndose a sufraga-la parte que corresponda aportar a este Concello cando a súa situación financeira non o permitira, ademais da que lles corresponda segundo a natureza da obra ou servizo.

2.- Asimesmo, os propietarios ou titulares afectados pola realización das obras ou o establecemento ou ampliación de servizos promovidos polo Concello poderán constituírse en Asociacións Administrativas de

Concello de Boiro



Concello de Boiro

contribuíntes no período de exposición ó público de acordo de ordenación das Contribucións especiais.

ARTIGO 17º.-

Para a constitución das Asociacións administrativas de contribuíntes a que se refire o artigo anterior, o acordo deberá ser tomado pola maioría absoluta dos afectados , sempre que representen, polo menos, os dous tercios das cotas que deben satisfacerse.

C A P I T U L O X

Infraccións e sancións

ARTIGO 18º.-

1.- En todo o relativo a infraccións tributarias e a súa calificación, así como ás sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, aplicaránse as normas contidas na Lei Xeral Tributaria.

2.- A imposición de sancións non suspenderá, en ningún caso, a liquidación e cobro das cotas devengadas non prescritas.

Disposición final.- A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a rexer a partir do día un de xaneiro de mil novecentos noventa e dous (01/01/92), permanecendo en vigor ata súa modificación ou derogación expresas.

Dilixencia.- Dita Ordenanza foi aprobada no Concello-Pleno do once de decembro de mil novecentos noventa e un (11/12/91) e publicada no Boletín Oficial da Provincia do dazaoito de marzo de mil novecentos noventa e dous (18/03/92).

Asdo./ .



Concello de Boiro

ORDENANZA FISCAL Nº 23 REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS DE INTERVENCIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE CIDADÁ.

ARTIGO 1. *Fundamento e natureza.*

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, regulamentadora das bases de réxime local, o Concello de Boiro, consonte co establecido nos artigos 15 ó 19 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, establece a taxa pola prestación de servizos municipais de intervención en materia de seguridade cidadá.

ARTIGO 2. *Feito impoñíbel e obriga de contribuir.*

1. Constitúe o feito impoñíbel a utilización dos servizos seguintes de recepción obrigatoria:

- a) A asistencia prestada en caso de incendios, salvamentos, caídas de edificios e construcións, ruínas, derrubamentos, inundacións e outros sinistros semellantes, con persoal e material adscrito ó Departamento de Protección Civil.
- b) A presenza de persoal e materiais do departamento de protección civil en concentracións, espectáculos e outros, con fins preventivos.
- c) Calquera outro servizo de recepción obrigatoria que fora prestado polo Concello na materia obxecto desta taxa.
- d) A realización de actuacións propias e exclusivas do Departamento, que aínda non sendo de recepción obrigatoria, foran requiridas polas persoas interesadas.

2.- Non están suxeitos a esta taxa os seguintes servizos:

- a) Os realizados no termo municipal de Boiro, a instancia de xuíces, forzas de seguridade e outras autoridades no exercicio dos seus cargos respectivos e por razóns que atendan á orde ou á seguridade xeral.
- b) Os prestados en beneficio da xeralidade da poboación do municipio nos casos de catástrofe ou calamidade pública apreciada pola Corporación.
- c) As saídas dos medios do Departamento que non cheguen a utilizárense, sempre e cando non foran requiridos polo suxeito pasivo.

3. A obriga de contribuír nacerá e adquirirse o dereito a retribución da taxa no momento en que saia das instalacións municipais a dotación correspondente para levar a cabo o seu cometido.

ARTIGO 3. *Suxeito pasivo.*

1.- No caso do servizo de "apertura de portas" terán a condición de suxeitos pasivos, en concepto de contribuínte, as persoas físicas e xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 36 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, que sexan usuarios da vivenda que foran obxecto da prestación do servizo. Entenderase por persoas usuarias, as propietarias, arrendatarias, usufructuarias e posuidoras, por calquera título, dos bens obxecto da actuación.

Terán a condición de substituto do contribuínte, as entidades ou sociedades aseguradoras do risco.

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Concello de Boiro

2.- Nos restantes casos o suxeito pasivo coincidirá co substituto do contribuinte e serán as entidades ou sociedades aseguradoras do risco.

ARTIGO 4. Responsábeis.

1.Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refire o artigo 42 da referida Lei xeral tributaria.

2.Serán responsábeis subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, liquidadores e interventores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da devandita Lei xeral tributaria.

ARTIGO 5. Base de gravame.

A base do gravame estará constituída polo persoal que preste o servizo, calculándose o tempo investido na súa realización, así como o material empregado.

ARTIGO 6. Cota tributaria. Tarifas.

		EPÍGRAFES	
A)		SAIDA	Euros
		Mínimo por saída (agás servizo de apertura de portas)	101,20
B)		PERSOAL	Euros/hora ou fracción
	1	Xefe do servizo:	16,37
	2	Xefe quenda:	13,10
	3	Bombeiro ou peón especialista	10,40
		PERSOAL (horas festivas e/ou nocturnas)	Euros/hora ou fracción
	1	Xefe do servizo:	32,75
	2	Xefe quenda:	26,19
	3	Bombeiro ou peón especialista	20,81
C)		VEHÍCULOS	Euros x Km
	1	Todoterreno	3,28



Concello de Boiro

	2	Motobomba	9,91
	3	Lancha	1,36
D)		QUILÓMETROS	Euros /Km.
		Distancia entre a base P.C. e o lugar do sinistro (ida e volta)	0,20
E)	I	MATERIAIS I	Euros por hora ou fraccion ou Euros por unidade ou Euros por tramo
	1	Grupo electrógeno, electrobomba, equipo de excarcelación, equipo autónomo, xeradores de espuma, equipo mergullamento, bomba alta presión (incendios), equipo de rescate e semellantes	42,50
	2	Bombas de achique, tramo de manguera, enlaces e lanzas (ud.), motoserra, material auxiliar especial como explosímetros, medidores de gases, etc.. e semellantes	25,30
F)	II	MATERIAIS II	Euros/litro/Kg
	1	Espumóxeno	10,12
	2	Absorbente	15,18
	3	Deterxente	8,10
G)	III	MATERIAIS III	Euros/extintor
	1	Extintor de po de 1 Kg.	8,00
	2	Extintor de po de 2 Kg.	13,80
	3	Extintor de po de 6 Kg.	26,02
	4	Extintor de po de 12 Kg.	40,82
	5	Extintor de CO 2 de 2 kg.	19,59
	6	Extintor de CO 2 de 3,5 kg.	29,24
	7	Extintor de CO 2 de 5 kg.	36,14

Concello de Boiro



Concello de Boiro

H)	APERTURAS DE PORTAS	20,24
-----------	----------------------------	--------------

2.- Establécese un mínimo por saída de 101,20 euros. Dito mínimo non se aplicará o caso establecido no apartado "da apertura de portas"-

3.- No caso de que, saíndo vehículo do parque, o servizo non chegase a intervir, cobrarase unicamente o epígrafe relativo ó vehículo e a kilometraxe realizado.

4.- Consideraranse festivos os domingos e os días declarados coma tales polos calendarios do Estado, Comunidade Autónoma de Galicia e Concello de Boiro.

Así mesmo, entenderase festivo desde as 22.00 horas da víspera do festivo ata as 00.00 h do mesmo día.

O resto dos días terán a consideración de días hábiles a todos os efectos

5.- Entenderase servizos nocturnos os prestados entre as 22 h do día corrente e as 7 h da mañá do día seguinte.

6.- Para o caso de saídas que se empezan en horario diurno e rematan en nocturno: aplicarase prorrateadamente os prezos en función do servizo prestado antes das 22.00 horas e despois das 22.00 horas.

ARTIGO 7. Normas de xestión

1. Servizo Municipal actuante efectuará o parte de cada unha das súas actuacións expoñendo as circunstancias que en cada caso concorran.

2.A xefatura do servizo remitirá á oficina xestora da taxa, dentro dos quince días seguintes á prestación de calquera servizo suxeito a tributación, relación especificada polo miúdo de todas as circunstancias necesarias para a integración da base impositiva, para a identificación do suxeito pasivo e, en xeral, todas aquelas circunstancias da actuación que poidan ter trascendencia tributaria segundo o establecido nesta ordenanza e demais normas regulamentadoras da materia. En base a dito informe certificado, practicarase a correspondente liquidación de dereitos.

3.Aprobada a liquidación, procederase a notificar á persoa interesada, que deberá proceder a ingresala nos prazos establecidos na Lei Xeral Tributaria e, se non o fixera, acudirase ó procedemento administrativo pola vía de constrinximento.

ARTIGO 8. Infraccións e sancións tributarias

En materia de cualificación das infraccións e da aplicación das sancións que ás mesmas correspondan, estarase ao disposto nos artigos 183 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Fiscal, que consta de oito artigos, foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día trece de setembro de 2007; foi publicada no BOP nº 265 de data 16 de novembro de 2007.

Foi modificada polo Pleno da Corporación de 13/11/2008 e publicada no BOP nº 296 de 26/12/2008, entrando en vigor o 1 de xaneiro de 2009.

Foi modificada polo Pleno da Corporación de 12/03/2009 e publicada no BOP nº 205 de 18/09/2009, entrando en vigor ao día seguinte da súa publicación.

Foi modificada polo Pleno da Corporación de 12/11/2009 e publicada no BOP nº 274 de 31/12/2009 e corrección de erros BOP Nº 11 de 19 de xaneiro de 2010

Concello de Boiro



Concello de Boiro

ORDENANZA FISCAL Nº 24 REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU O APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVIZOS DE TELEFONÍA MÓBIL.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e polo art. 106 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 20 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, o Excmo. Concello de Boiro establece a taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial constituído no voo, solo e subsolo das vías públicas municipais a favor de empresas explotadoras ou prestadoras de servizos de telefonía móbil, que afectan á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza e cuxas normas atenden ao previsito no artigo 57 do mesmo texto legal.

Artigo 1. Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa regulada na presente Ordenanza, a utilización privativa e aproveitamento especial del dominio público local constituído no voo, solo e subsolo de vías públicas municipais ou outros terreos públicos a favor de empresas explotadoras ou prestadoras de servizos de telefonía móbil que afecten á xeneralidade ou unha parte importante da veciñanza.

Artigo 2. Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos da taxa en concepto de contribuínte as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria titulares das empresas explotadoras ou prestadoras de telefonía móbil que afecten á xeneralidade ou unha parte importante da veciñanza.

Considéranse prestados dentro do termo municipal todos os servizos que, pola súa natureza dependan do aproveitamento do voo, o solo ou o subsolo da via pública ou estean en relación cos mesmos.

Artigo 3. Responsábeis.

Os supostos de responsabilidade, xa sexan subsidiaria ou solidariamente, serán os previstos na normativa tributaria.

Artigo 4. Exencións e bonificacións

Non se concederán mais exencións ou bonificacións que as expresamente previstas nas Leis ou as derivadas da aplicación de Tratados Internacionais.

Artigo 5. Base imponible

A base imponible desta taxa a constitúe os ingresos brutos "atribuídos" ás empresas de telefonía móbil no Concello de Boiro, establecéndose para este exercizo 2009 ingresos brutos "atribuídos" en 5.333.333,33 euros.

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Concello de Boiro

Artigo 6. Tipo de gravame e cota tributaria.

O tipo de gravame é do 1,5% da base imponible definida no artigo anterior. Para determinar a contía da taxa pola utilización privativa ou do aproveitamento especial dos servizos de telefonía móbil instalados neste Concello de Boiro e a delimitación individualizada para cada operador, aplicarase a fórmula de cálculo seguinte:

$$\boxed{\text{COTA TRIBUTARIA} = \text{TB} \times \text{CE}}$$

Sendo:

- $\square\square\square\square\square\square\square\square$ **TB** = Tarifa básica por ano = 80.000,00 euros.
- $\square\square\square\square\square\square\square\square$ **CE** = Coeficiente específico atribuíble a cada operador segundo a súa cota de mercado no Concello.

Este coeficiente específico atribuíble a cada operador obterase a partir da cota total de mercado de telefonía móbil que lle corresponda a cada operador no Concello de Boiro, incluíndo todas as súas modalidades tanto a de postpago como a de prepago, segundo se especifica no artigo 8 da presente ordenanza.

Artigo 7. Devengo e período impositivo.

O período impositivo coincidirá co ano natural.

A taxa devéngase o primeiro día do período impositivo, momento no que se entede realizado o feito imponible e no que se produce o nacemento da obriga tributaria principal.

Artigo 8. Xestión.

Para calcular o coeficiente específico atribuíble a cada operador, os suxeitos pasivos da taxa regulada nesta Ordenanza presentarán no Rexistro Xeral deste Concello antes do 31 de marzo seguinte ao ano natural o que se refire, declaración comprensiva dos ingresos brutos obtidos no exercicio incluíndo, tanto os servizos de prepago como de postpago obtidos no termo municipal, que se achegará coa certificación dos feitos concretos expedida polos auditores da empresa na cal se reflectan os ingresos brutos do exercizo sometido a tributación, e copia autorizada do balance e memoria do exercizo.

A falta de declaración por algunha das operadoras facultará ao Concello para proceder á cuantificación da taxa en función da cota de mercado dos ingresos que resulten, para cada operador, do último informe anual publicado pola Comisión del Mercado de Telecomunicaciones desagregados para o Concello se constan nel, ou os agregados pola Comunidade Autónoma de Galicia ou, polo conxunto nacional total, no seu defecto.

No caso que a cota de mercado non se poida calcular en función dos ingresos, calcularase supletoriamente pola cota de mercado do total das liñas tanto na



Concello de Boiro

modalidade de prepago como " postpago dispoñibles.

Aos efectos do cálculo do coeficiente de reparto non se terán en conta aquelas operadoras cuxas cotas de mercado sexan inferiores ao 1%, calculándose a cota de mercado en función dos operadores que teñan unha cota superior do citado 1%.

O Concello practicará a liquidación definitiva que será notificada ao suxeito pasivo que ingresará o importe da debeda tributaria, pendente de ingreso nos prazos establecidos na Lei xeral tributaria.

As empresas suxeitas a esta taxa deberán autoliquidar e ingresar unha vez finalizado cada trimestre natural, e dentro dos 20 día naturais posteriores á finalización do mesmo, e nos modelos que no seu caso se aproben en desenvolvemento da presente ordenanza a cantidade resultante de aplicar a 20.000.00 euros o coeficiente específico resultante do informe anual da Comisión de Mercado de las Telecomunicaciones para o exercizo 2007.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia permanecendo en vigor ata a súa modificación o derogación expresa.

DILIXENCIA para facer constar que a presente ordenanza foi aprobada definitivamente no Pleno de 10 de setembro de 2009 e publicada no BOP. nº 205 de 18 de setembro de 2009.



Concello de Boiro

ORDENANZA Nº 25 REGULADORA DO PREZO PUBLICO POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE CARACTER EDUCATIVO, SOCIAL, CULTURAL E DEPORTIVO.

Artigo 1.- FUNDAMENTO LEGAL E OBXECTO.-

En uso das facultades conferidas polos artigos 4 e 106 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 2.1.e), 41 a 47 e 127 da Lei reguladora das Facendas Locales aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece a ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de servizos de carácter educativo, social, cultural e deportivo.

Artigo 2.- FEITO IMPOÑIBLE.-

Constitúe o feito imponible para o establecemento do presente Precio Publico, a participación en cursos ou actividades de carácter educativo, social, cultural, lúdico e deportivo, impartidos directa o indirectamente polo Concello de Boiro, tales como:

- a) Cursos, talleres, escolas e actividades de formación.
- b) Campamentos, viaxes, excursións e semellantes.
- c) Actividades de programas de xuventude, educación, cultura, Deportes, Praias, Turismo e outras
- d) Certámenes, premios e concursos.
- e) Escolas Deportivas Municipais e Escolas de Verán
- f) Ludotecas
- g) Actividades extraescolares en centros educativos públicos
- h) Outras actividades e servizos similares

Artigo 3.- OBRIGADOS AO PAGO.-

1. Están obrigados ao pagamento dos prezos públicos regulados nesta Ordenanza, quenes soliciten a inscrición, participen ou se beneficien como usuarios de calquier actividade ou servizo aos que se refire a presente Ordenanza.

2. Cando o usuario sexa un menor de idade, a obriga de pago dos prezos públicos recaerá sobre os padres, nais ou tutores responsables dos mesmos

3. Os interesados en ser usuarios dos servizos ou actividades culturais, deportivas, de xuventude ou lúdicas gravadas por este prezo público presentarán, na Concellería ou Servicio correspondente sinalada na convocatoria:

- a solicitude de inscrición nos modelos oficiais, acompañando a documentación que en cada caso sexa esixible
- documento xustificativo do ingreso do prezo público que corresponda, no caso de que o acordo da XGL estableza ese momento como nacemento da obriga de pago

Artigo 4.- OBRIGA DE PAGO

1. A obriga de pago dos prezos públicos regulados nesta Ordenanza nace dende que se inicie a prestación do servizo ou a realización da actividade de que se trate.

2. De conformidade co artigo 46 do Texto Refundido da lei reguladora das Facendas Locais, poderase esixir o seu importe total, como depósito previo, no intre de

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Concello de Boiro

formalizar a inscrición ou matrícula na actividade ou servizo a realizar, sen que se tramiten as inscricións que non vaian acompañadas do xustificante de pago.

3. O importe do prezo público deberá ser ingresado na conta que se determine en cada caso empreando as cartas de pago que ao efecto emita o Concello.

Artigo 5.- CONTIA

1. As tarifas dos prezos públicos regulados nesta Ordenanza, serán as que acorden para cada actividade a Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 47 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, a proposta do servizo de que se trate, e previa fiscalización de intervención. Elevarase á XGL unha memoria económico-financieira na que se indicará:

- estimación de costes da actividade con descripción detallada de gastos inherentes á súa realización, asinada polo empregado público xestor da actividade
- estimación número de usuarios aos que se destina a actividade
- achegas doutras AAPP que cofinancien a actividade, indicando a admón., a subvención de que se trata e importe
- proposta de prezo público

No caso de que o número de plazas da actividade fora limitado utilizarase como criterio de admisión a data de presentación da solicitude.

2. Si o prezo a aboar polos interesados é inferior ao custe das actividades, a proposta do Servizo ou Departamento responsable debe incluír a previsión da financiación do déficit respectivo

3. Por razón sociais, benéficas, culturais ou de interese público poderá fixarse unha contía inferior ao custe do servizo.

4. No acordo de establecemento da contía do prezo público pola XGL deberá figurar, en todo caso, o momento de nacemento da obriga do pago, así como, en caso de ser un actividade de duración superior a 1 mes, si o pagamento se realizará ao inicio da actividade ou non.

Artículo 6. – DEVOLUCIÓN.-

Cando por causas non imputables ao obrigado ao pago do prezo, o servizo ou actividade non se preste ou desenrole, procederá a devolución do importe correspondente.

No caso de que o usuario do servizo desista do mesmo, non se efectuará devolución algunha

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

PRIMEIRA- En todo o non especificamente regulado nesta ordenanza será de aplicación o disposto nos artigos 41 a 47 do R.D. Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a Lei 8/1989, de 13 de abril, de taxas e prezos públicos, disposicións de desarrollo e Lei Xeral Tributaria.

Entrada en vigor: A presente ordenanza entrará en vigor a partir da súa publicación no BOP, unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local, e permanecerá en vigor ata a súa derogación su derogación ou modificación expresas.

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Concello de Boiro

DATA DE APROBACIÓN E PUBLICACIÓN DA ORDENANZA:

Aprobada inicialmente por acordo de Pleno de 21 de xullo de 2011 e publicado anuncio e texto no BOP Nº 145 de 22 de xullo de 2011.

Aprobada definitivamente por Decreto da Alcaldía en data 7 de setembro de 2011 e publicado o texto definitivo no BOP nº 80 de data 26 de abril de 2013.



Concello de Boiro

ORDENANZA FISCAL nº 26 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS ASOCIADOS Á CELEBRACIÓN DE MATRIMONIOS NO CONCELLO DE BOIRO

Artigo 1º. Fundamento e natureza

De conformidade co previsto no artigo 106 da Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das bases de réximen local e, de conformidade cos artigos 15, 20.4 e 57, todos eles do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a "Taxa pola prestación de servizos municipais asociados a celebración de matrimonios civís no Concello de Boiro", que se rexerá pola presente Ordenanza.

Artigo 2º. Feito impositivo

Constitúe feito impositivo a prestación dos servizos derivada do conxunto de actuacións realizadas co gallo da celebración de matrimonios civís no Concello de Boiro, que conleva, a organización do acto polos servizos municipais da Alcaldía do concello.

Non se entenderá realizado o feito impositivo da taxa e polo tanto non se devengará o tributo pola tramitación do expediente gubernativo previo ao matrimonio civil nin tampouco pola expedición do libro de familia.

Artigo 3º. Suxeito pasivo

E suxeito pasivo desta taxa, en calidade de contribuínte, o/a beneficiario/a do servizo entendéndose por tal o/a contraente que formule a solicitude do servizo.

Artigo 4º. Devengo

O tributo devengarase e nace a obriga de contribuir, no momento da presentación da solicitude nas oficiñas do Concello. A presentación da solicitude iniciará a actuación administrativa e esta non se realizará sen que sexa efectuado o pago correspondente.

Artigo 5º. Obrigados ó pago

Están obrigados ó pago da taxa nesta Ordenanza os beneficiarios/as do servizo, entendéndose por tales os/as contraentes.

Artigo 6º. Contía

A cota tributaria, que se abonará no momento da solicitude, será a seguinte:

- Por cada matrimonio civil que se celebre de luns a venres en horario de 12:00 a 15:00 H: 0,00 €
- Por cada cada matrimonio civil que se celebre en sábado laborable, domingo e festivo, en horario de 11:30 a 13:30 H e de 17:00 a 19:30 H: 100 €

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Concello de Boiro

Artigo 7º. Normas de xestión

Os solicitantes do servizo están obrigados a presentar a correspondente declaración nos impresos habilitados ao efecto pola Administración Tributaria Local e a realizar o ingreso da autoliquidación resultante na Tesourería Municipal ou nas Entidades bancarias debidamente autorizadas, o que se deberá acreditar no momento de presentar a correspondente solicitude.

Disposición derradeira

A presente Ordenanza foi aprobada de xeito provisional polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día 12 de abril d 2012, quedando definitivamente aprobada por Decreto da Alcaldía en data 31 de maio de 2012. Foi publicada no BOP nº 109 de data 11 de xuño de 2012. Comezará a aplicarse a partir do día seguinte ao da súa publicación no BOP e aplicarase mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.



Concello de Boiro

ORDENANZA FISCAL Nº 27, REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE LIMPEZA DE PARCELAS, SOLARES E EDIFICACIONES.

Artigo 1º: - FUNDAMENTO E NATUREZA .

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (RD Lexislativo /2004 de 5 de marzo), este Concello establece a "Taxa polo servizo de limpeza de parcelas, solares e edificacións", que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, cales normas atenden ao previsto no artigo 57 do citado Texto Refundido.

Artigo 2º: -FEITO IMPOÑIBLE .

- 1.-Constitúe o feito imponible da Taxa, a prestación de servizo de limpeza de parcelas, solares, edificacións e análogos (corte de silvas e outros análogos), ben sexa a solicitude de particulares interesados, ou ben sexa de oficio, por razóns de seguridade e ornato, sempre que a prestación de devandito servizo redunde en beneficio do suxeito pasivo.
- 2.-Non estará suxeito a esta Taxa os servizos que se presten en beneficio da xeneralidade ou dunha parte considerable da poboación do Municipio ou en casos de calamidade ou catástrofe pública oficialmente declarada.

Artigo 3º: - SUXEITO PASIVO .

Son suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas o xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que sexan usuarios ou ocupantes das fincas que fosen obxecto da prestación do servizo.

Será suxeito pasivo substituto do contribuínte, o propietario das fincas que fosen obxecto da prestación do servizo.

Artigo 4º: - RESPONSABLES .

- 1.-Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas as que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.
- 2.-Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinale o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Concello de Boiro

Artigo 5º: -EXENCIÓNS SUBXECTIVAS

Non se concederá exención algunha no pago da Taxa.

Artigo 6º: - COTA TRIBUTARIA

1.-A cota tributaria determinarase en función do número de efectivos, tanto persoais como materiais que se empreguen na prestación do servizo, o tempo investido neste, e o recorrido efectuado polos vehículos que actúen.

-Para tal efecto, aplicarase a seguinte tarifa:

Epígrafe primeiro. Persoal:

a).- Por c/ peón, por hora ou fracción	11,82 €
b).- Por c/.peón especialista, por hora ou fracción	12,32 €
c).- Por c/oficial 1ª ou conductor	13,02 €
c).- Por c/ capataz, por hora ou fracción	19,91 €
d).- Por c/ técnico urbanístico, por hora ou fracción	22,72 €

Epígrafe segundo. Material:

a) Por cada pala, por hora ou fracción:	35,00 €
b) Por cada tractor desbrozadora trasera ou similar, por hora ou fracción:	32,00 €
c) Por cada tractor desbrozadora de brazo ou similar, por hora ou fracción:	34,00 €
e) Por cada camión, por hora ou fracción	40,00 €
f) Por outra maquinaria (desbrozadora...)	20,00 €

Nota común ás epígrafes primeira e segunda: O tempo investido na prestación do servizo computarase desde a saída ata o regreso ao parque.

3.-A cota tributaria total será a suma das correspondentes ás das epígrafes da tarifa.

Concello de Boiro



Concello de Boiro

Artigo 7º: -DEVENGO

Devéngase a Taxa e nace a obriga de contribuír cando se saia do pañol a dotación correspondente, momento no que se inicia, a todo os efectos, a prestación do servizo.

Artigo 8º: -LIQUIDACIÓN E INGRESO

De acordo cos datos que certifique o Negociado de Servizos, os servizos tributarios deste Concello practicarán a liquidación correspondente que será notificada para ingreso directo na forma e prazos sinalados polo Regulamento Xeral de Recadación.

Artigo 9º: - INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas correspóndanlle en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DILIXENCIA

Para facer constar que a presente ordenanza fiscal foi aprobada no Pleno celebrado o 13 de setembro de 2012, e publicado no BOP nº 212 de data 07/11/2012, e entrara en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.



Concello de Boiro

ORDENANZA FISCAL Nº 28, REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA PISCINA MUNICIPAL E DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE A CACHADA.

ARTIGO 1º.- Fundamentos e natureza.-

No uso das facultades concedidas polos art.133.2 e 142 da Constitución e polo art. 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos art. 15 e 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de facendas locais, este Concello establece a taxa pola prestación dos servizos da piscina municipal e do pavillón polideportivo de A Cachada.

ARTIGO 2º.- Suxeito pasivo.-

Son suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades á que se refire o art. 35.4 da Lei xeral tributaria, que soliciten a utilización das instalacións ou a prestación dos servizos suxeitos á taxa.

ARTIGO 3º.- Feito imponible.-

Constitúe o feito imponible desta taxa a utilización das instalacións deportivas da piscina municipal, do ximnasio e do pavillón polideportivo de A Cachada así como a prestación do servizo de cursos.

ARTIGO 4º.- Beneficios fiscais.-

Aplicaranse os beneficios fiscais previstos en normas con rango de lei e nos tratados internacionais.

ARTIGO 5º.- Base imponible.-

A determinación da contía a pagar realizarase mediante o sistema de cota fixa segundo as tarifas recollidas no artigo seguinte.

ARTIGO 6º. –Tarifas.-

Epígrafe 1º: MATRÍCULA	
INSCRIPCIÓNS	33,80
Epígrafe 2º: ABONOS MENSUAIS	
ABONO INDIVIDUAL	32,00 €
ABONADO FILLO	1,00 €
ABONADO CONXUXE	4,00 €
ABONADO XOVEN	16,80 €
ABONADO 3ª IDADE	16,80 €

Concello de Boiro



Concello de Boiro

ABONADO DISCAPACITADO	15,00 €
Epígrafe 3º: CURSOS (tarifas trimestrais):	
NATACIÓN ADULTOS ABOADOS 1 DIA/SEMANA	31,50 €
NATACION ADULTOS NON ABOADOS 1 DIA/SEMANA	61,00 €
NATACION ADULTOS ABONADOS 2 DIAS/ SEMANA	56,00 €
NATACION ADULTOS NON ABONADOS 2 DIAS/SEMANA	111,00 €
NATACION INFANTIL ABONADOS 1DIA/ SEMANA	31,50 €
NATACION INFANTIL NON ABONADOS 1 DIA/SEMANA	61,00 €
NATACION INFANTIL ABONADOS 2 DIA/ SEMANA	56,00 €
NATACION INFANTIL NON ABONADOS 2 DIA/SEMANA	111,00 €
NATACION 3ª IDADE ABONADOS 1 DIA/SEMANA	24,00 €
NATACION 3ª IDADE NON ABONADOS 1 DIA/SEMANA	48,00 €
NATACION 3ª IDADE ABONADOS 2 DIAS/SEMANA	32,00 €
NATACION 3ª IDADE NON ABONADOS 2 DIAS/SEMANA	66,00 €
NATACION PREVENTIVA ABONADOS 1 DIA/SEMANA	32,00 €
NATACION PREVENTIVA NON ABONADOS 1 DIA/SEMANA	66,00 €
NATACION PREVENTIVA ABONADOS 2 DIAS/SEMANA	62,00 €
NATACION PREVENTIVA NON ABONADOS 2 DIAS/SEMANA	125,00 €
NATACION PRENATAL ABONADOS 1 DIAS/SEMANA	15,75 €
NATACION PRENATAL NON ABONADOS 1 DIAS/SEMANA	31,50 €
NATACION PRENATAL ABONADOS 2 DIAS/SEMANA	19,30 €
NATACION PRENATAL NON ABONADOS 2 DIAS/SEMANA	39,00 €

Concello de Boiro



Concello de Boiro

OTROS CURSOS: AEROBIC, STEP, PILATES, ZUMBA... ABOADOS 1 DIA/SEMANA	30,00 €
OTROS CURSOS: AEROBIC, STEP, PILATES, ZUMBA... NON ABOADOS 1 DIA/SEMANA	60,00 €
OTROS CURSOS: AEROBIC, STEP, PILATES, ZUMBA... ABOADOS 2 DIA/SEMANA	55,00 €
OTROS CURSOS: AEROBIC, STEP, PILATES, ZUMBA... NON ABOADOS 2 DIA/SEMANA	110,00 €
Epígrafe 4º: Entradas puntuais:	
Maiores de 3 e menores de 21 anos	5,00 €/día
Maiores de 21 anos	6,20 €/día
Epígrafe 5º: Reservas pavillón polideportivo:	
Reserva pista pavillón sen luz	16,00 €/hora
Reserva pista pavillón con luz	21,50 €/hora

ARTIGO 7º.- Devengo.

Devengase a taxa e nace a obriga de contribuír dende que se solicite a prestación dos servizos regulados nesta ordenanza.

ARTIGO 8º.- Periodo impositivo e devengo.-

O periodo impositivo coincidirá, nos aboados á piscina municipal, co mes natural.

As tarifas devengarase o primeiro día do periodo impositivo, sendo as cotas irreducibles.

As tarifas que deban satisfacer os non aboados á piscina municipal devengarane instantaneamente no momento de entrada ao recinto da piscina municipal, entendéndose que, cando a persoa usuaria se ausente do recinto, finaliza o dereito a facer uso de ditos servizos, de tal xeito que, de volver a desexar utilizar os mesmos, sería necesario o abono da nova taxa de entrada.

O periodo impositivo, nos cursos impartidos na piscina municipal concidirá co periodo de desenvolvemento do curso (trimestral), devengándose a tarifa o

Concello de Boiro



Concello de Boiro

primeiro día do periodo impositivo e sendo as cotas irreducibles por dito periodo.

ARTIGO 9º.- Normas de xestión.

1. Os usuarios que abonen a taxa pola entrada á piscina municipal (entradas puntuais) terán dereito a utilizar as instalacións da piscina, vestiario, duchas, sauna e ximnasio durante o horario de apertura dese día.
2. Os usuarios abonados terán dereito ao uso da piscina climatizada, vestiarios, duchas, sauna e ximnasio, durante todo o horario de apertura das instalacións, así como a 15 horas/semanais de actividades gratuitas.
3. Os usuarios que abonen a taxa pola reserva do pavillón terá dereito ao uso da instalacións do pavillón e os seus vestiarios, durante o tempo da reserva.
4. A acreditación da relación matrimonial para o bono familiar realizase achegando copia do libro de familia.
5. A efectos de acreditar a relación de parella de feito, deberá achegarse copia de inscrición no rexistro municipal de parellas de feito ou, calquera outra documentación que acredite a mesma (volante de empadramento)
6. Os abonos familiares inclúen os fillos ata 21 anos.
7. Os abonos da 3ª idade inclúen maiores de 65 anos.
8. O abono xoven contempla ata os 21 anos.
9. No caso das entradas puntuais, os menores de catro anos non pagarían entrada.
10. Aos efectos de abono de minusvalído, considérase persoa con minusvalía quen teñan a condición legal en grado superior ao 50 por 100. Os interesados deberán aportar certificación de minusvalía emitida polo órgano competente.
11. Dentro do prezo do abono están incluídos os peches que aparecen reflectivos no uso regulamentario de uso das instalacións.
12. Mensualmente elaborárase un Padrón de aboados para o cobro mensual das correspondentes cotas tributarias. O impago das mesmas ocasionará a imposibilidade de acceso á piscina e o abono dos gastos derivados do impago. Acumulados dous recibos pendentes de cobro, o aboadado causará baixa no Padrón, debendo, no caso de nova solicitude de aboadado á piscina, aboar a cota referida á matrícula.

Concello de Boiro



Concello de Boiro

Nos restantes usos, esixirase a autoliquidación do importe da taxa. As devolucións que procedan por falta de prestación do servizo por causas non imputables ao contribuínte, tramitaranse polo procedemento que rexe o reintegro de pagos indebidos. Prestado o servizo, a cantidade ingresada en concepto de autoliquidación será aplicada ao importe definitivo da taxa.

ARTIGO 10.- Infraccións e sancións tributarias.

Para a cualificación das infraccións tributarias, así como das sancións que a elas corresponda en cada caso. Estarase o disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no BOP e producirá efectos mentres non se acorde a súa derogación ou modificación.

DILIXENCIA DE SECRETARIA.-

A presente Ordenanza Fiscal foi aprobada definitivamente no Pleno do 08 de maio de 2014 e publicada no B.O.P. nº 92 de data 16-05-14.



Concello de Boiro

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Concello de Boiro

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008